

A CANDEA

Courel dos tesos cumes que ollan de lonxe!
Eiquí síntese ben o pouco que é un home.

Augas brancas da Rogueira!
Bouzas pechas d'uces e xestas!
Abairas teixos faias xardois e reboleiras!

Outo bosco calado!
Fontiñas do corzo!
Carrozos picafondo!
Non hai outro templo mais vasto
nin outro credo
que este silencio.

UXÍO NOVONEYRA

O ESCRITOR NA SÚA TERRA
HOMENAXE A UXÍO NOVONEYRA
ASOCIACION DE ESCRITORES
EN LINGUA GALEGA
(AELG)

Seoane do Caurel
4 de novembro de 2000


Revista do Caurel

SUMARIO

Páx 1	Portada
Páx 2	(Guía de teléfonos)
Páx 3	Editorial
Páx 4	Todo un exemplo
Páx 6	As Cabanas de Moin de Bao
Páx 8	Tolkien en Caurel
Páx 10	Entrevista: jennifer Mendoza
Páx 12	Disposicións Legais
Páx 13	Outro Caurel mellor
Páx 14	Festa da Pisa
Páx 16	Uxío Novoneyra
Páx 18	Impresiones de la "Serra do Caurel"
Páx 19	Cousas que aconteceron
Páx 21	Adeus ó poeta Antón Patiño
Páx 26	Mel Cauru
Páx 27	Recuncho para Poesía

TELÉFONOS DE INTERESE

CENTRO MÉDICO (Folgozo)	982 43 30 33
CENTRO MÉDICO (Seoane)	982 43 30 90
HOSPITAL COMARCAL (Monforte)	982 41 79 00
EMERXENCIAS MÉDICAS	06 1
SOS GALICIA	112
CRUZ VERMELLA (Pedrafita)	982 36 70 06
CRUZ VERMELLA (Quiroga)	982 42 83 55
FARMACIA (Folgozo)	982 43 30 54
CASADO CONCELLO	982 43 30 01
CUARTEL GARDA CIVIL (Seoane)	982 43 30 83
AUTOBUSES "Empresa Caurel"	982 42 82 11
ESTACIÓN DE AUTOBUSES (Monforte)	982 40 49 50
ESTACIÓN RENFE (Monforte)	982 40 20 96
INCENDIOS FORESTAIS	085



A asociación "FONTE do MILAGRO" e a dirección desta revista non se fan reponsables dos traballos que nela se publican. Esta responsabilidade pasa ó autor/a.


Si achegas algún traballo para que sexa publicado debe vir acompañado dos datos persoais. Non se publicarán, fotografías, textos, etc. nos que se descoñeza a identidade do autor.

Asociación Cultural "FONTE do MILAGRO"

Tlf.: 982 210 128 - 619 025 252

E-Mail: froxan.vila@terra.es

Web: www.fontedomilagro.org



Ó PE DA FERMOZA DEVESA DE PADERNE

A MELLOR MANEIRA DE DISFRUTAR DA NATUREZA

Información e reserva: Tfno e Fax: 982 185 110 Paderne, O CAUREL

ALUGUER
DE QUADS



Editorial

Benqueridos amigos e lectores de A CANDEA. Como cada primavera e dende que o Século XXI deu os primeiros pasos, eiquí estamos contando cousas das terras outas do Caurel; cousas que nos fagan coñecer máis polo miúdo os intrínquilis dunha terra brava, máxica pero ó mesmo tempo dócil onde a natureza o é todo, o poeta do Caurel algún día dixo: Eiquí todo é bosco.

Pero os ventos na Serra non son moi favorables que digamos... os novos aires que todos ansiamos coa chegada do novo milenio só fixeron crear máis incertidume, máis dúbidas a cerca do que virá, a cortina que cubriu O Caurel ó longo da historia non nos deixa ver o futuro con claridade.

Radio, prensa escrita e televisión falan case a diario da zona; científicos, estudiosos, catedráticos amosan os seus traballos e case todos coinciden en poñer a máxima nota. Todos falan de proxectos e plans que podían levar a O CAUREL o tan necesitado desenvolvemento, a un desenvolvemento ordenado e sostible acorde cos valores deste recuncho da xeografía galega. Pero sempre topamos co mesmo: os plans e proxectos quedan en eso en cheas de papel que non sabemos a onde van parar. Os nosos antergos falaban da presenza dos mouros habitando as covas do Caurel e que contaban cuns poderes, en moitos dos casos, maléficos. Non serían eles que votaron mal de ollo e maleficio e teñamos que pagar polos séculos dos séculos esta maldade?... un cre pouco nestas cousas aínda que as veces teño que recoñecer que "habelas hainas".

Pero non debemos tirar a toalla, temos que seguir loitando, meterlle nos miolos ós que rexen e dirixen que, como din os turolenses, "Teruel existe", pois Caurel tamén.

Vivimos uns tempos onde o rural en xeral atravesará unha situación senón crítica, si moi preocupante e non se libra nin a labranza máis desenrolada; non podemos converter as aldeas e lugares afastados das cidades en meros puntos de repouso e desestrés de fin de semana, esto pode ser bo, axuda, pero non é a solución.

Dende que floreceu a primeira CANDEA escribiuse moito acerca de todo isto. Nas follas desta revista déronse todo tipo de queixas, falou-se de posibles solucións e uns anos despois o mesmo do mesmo!... seguimos como estabamos... e alguén di que peor aínda.



Teño constancia que a Revista do Caurel se le en moitos lugares, non só na nosa comarca, na nosa comunidade e mesmo no estado español; gracias á rede de internet está a ser visitada e dela sacan información nos lugares máis afastados da nosa xeografía, e digo isto para que moitos entendan que esta publicación aínda que moi humilde serve de moito e que todo o sacrificio que costa levala adiante paga a pena.

Os que cremos no Caurel temos que seguir adiante... o deber vólvese obriga e entre todos lograr que a esta terra se lle poña a bandeira onde se merece, non falemos xa de buscar responsables, eu dei a miña opinión en moitas ocasións... non serve de nada, quizais me equivocara.

Así que amigos e amigas do Caurel, lectores e lectoras de A Candea sigamos tendo fe e esperanza, non perdamos a calma, sigamos na nosa loita e se temos que pedir favores a algún Santo fagámolo, e que Deus nos pille confesados!

O Presidente



COMPRA - VENDA - ALUGUER
De Casas, Pisos, Fincas etc...

Avda. Coruña, 156-Baixo 27003 Lugo
Tlf./Fax 982 813 827
inmobiliarialucense@inmobiliarialucense.com

TODO UN EXEMPLO

Non hai moito lin na Voz de Galicia un artigo que, certamente, me impresionou gratamente. Sobre todo porque un, que xa viu tantas cousas raras, chega a pensar que a boa veciñanza xa non existe nestes tempos. Pero afortunadamente aínda quedan algúns pobos nos que os veciños pensan e actúan en positivo, sen envexas e de boa fe; en equipo. Por eso penso que este podería ser un bo exemplo para a maioría dos habitantes do noso Concello, tan necesitado destas actitudes constructivas e tan beneficiosas para todos.

Anos atrás, máis ben moitos, os pedamios xuntaban os concellos dos pobos cando era necesario para acordar como e cando, entre todos, reparar camiños, fontes ou calquera outra obra de ben común; non esquezamos que todas esas obras, hoxe en desuso, foron feitas gracias ó traballo en equipo daqueles homes cando non existían axudas, polo que todo o mérito é deles e non noso porque estas últimas xerazóns, o que se di facer, non fixemos nada mínimamente destacable. Hoxe é practicamente imposible conseguir que a xente se preste, salvo uns poucos pertencentes a unha especie en vías de extinción, que aínda están dispostos a traballar desinteresadamente para beneficio de todos.

Temos nos nosos pobos infinidade de deficiencias, perfectamente mellorables coa participación de todos, que nos mellorarían considerablemente a calidade de vida. Pero non somos capaces de ver eses beneficios (non hai máis cego que o que non quere ver), nin estamos dispostos a arrimar o ombro sen esperar que empecen sempre os demais. Pola contra, se o que se guisa é negativo sempre hai voluntarios dispostos a apuntarse sen esperar a que se apunte primeiro o veciño, e ese non é precisamente o camiño máis apropiado para saír adiante, sobre todo o Caurel, un Concello historicamente esquecido por todas as administracións. É certo que se van facendo algunhas cousas interesantes, pero non é menos certo que nada diso se fixo co esforzo colectivo e desinteresado dos pobos. Moitas cousas se poderían e terían que facer para poder ter unhas certas esperanzas de futuro, pero é un tema que non parece preocupar moito.

Temos muíños perfectamente restaurables que acabarán caendo por non haber quen se interese por eles, pontes de madeira centenarias,

cun interesante atractivo turístico que están seguindo o mesmo camiño; camiños antigos en paraxes fermosísimos xa pechados polo monte, albares, tamén con gran atractivo turístico e abundante presenza na zona, que deberían figurar no escudo do Concello en lugar das vieiras. Sempre me fixen a mesma pregunta, ¿qué pinta ese pectínido no escudo dun Concello do interior que nada ten que ver co mar? No Cebreiro podo entendelo polo Camiño de Santiago, pero no Caurel non. Os albares son construcións coa súa historia, que se non se coidan o seu constante deterioro acabará facéndoos desaparecer. Por iso deberíamos tratar de poñer en valor todo aquilo que poda aportar un beneficio común como pode ser a arquitectura popular.



Na aldea de Silvarredonda, na parroquia de Buxán (Padrón) viven unicamente doce familias, ¡pero que familias! Elas soas en vista de que, coma nos pobos do Caurel, ninguén se preocupaba pola súa existencia, decidiron poñerse mans á obra colectivamente. Hai anos, en vista do seu illamento e que ninguén facía nada por sacalas del, construíron a estrada, pala e pico en man, dende a súa aldea á Parroquia; reforzaron o abastecemento de luz; máis tarde o de teléfono; as traídas de auga; ensancharon as pistas interiores da aldea para dar entrada ós coches; restauraron muíños de

auga, fontes e canto tiñan de interese común. Todas esas accións, que mereceron premios na semana verde de Silleda, foron admiradas por grupos de enxeñeiros vidos de diversos países. As obras leváronse a cabo gracias a unha actitude colectiva pouco común na actualidade. Os visitantes sorpréndese pola existencia dun núcleo de poboación que, ante unha situación de esquecemento das administracións actuaron pola súa conta unidos pola necesidade e a ilusión de mellorar as súas condicións de vida sen preocuparse de se un veciño se beneficiaba máis que outro, como debe ser.

Para Silvarredonda a chegada de diferentes grupos de expertos agrarios xa se converteu nunha tradición, ademais dunha satisfacción. Cada ano os visitantes son agasallados coas afamadas galletas da aldea, a tal receita é un segredo moi ben gardado. É de todos, pero ninguén solta prenda porque, para todos e cada un deles, priman os intereses do pobo sobre os seus propios, como debe ser, e agora xa están recollendo os seus froitos.



CUBERTAS DE PIZARRA E CANALÓNS

Tfnos. 982 25 16 55 / 982 22 96 56
Móvil: 607 58 94 65 • LUGO

Ese, dende logo, é un pobo con personalidade propia e ben definida. A súa actitude constructiva debería invitarnos á reflexión a todos para seguir o exemplo. Tamén ás institucións, Local, da Comunidade e do Estado, que mellor nos iría se ofreceran menos e deran máis.

A Xunta mira pouco polo interior de Galicia, pero menos aínda polo Caurel. Pódese dicir que nos ignora. Nunca entenderei por qué temos que ser menos en servizos que os concellos lindeiros. O Estado parece que está máis interesado en condonar débeda a países do terceiro mundo, aínda que algún dos receptores dispoña dun importante arsenal nuclear, caso de Pakistán, que de destinar fondos procedentes da UE para concellos coma o noso, fondos que nos pertencen pero que a nós non chegan na contía que nos corresponde, quedándose moitos deles polo camiño nos concellos lindeiros. O famoso Plan Caurel non levaba GPS e perdeuse polo camiño.

Ó marxe desas consideracións, certamente paradoxais, é imprescindible a ilusión dos habitantes de calquera pobo para facer cousas, actividade moi esquecida nos nosos pobos, salvo escasas excepcións que, precisamente, son miradas con certo receo por unha parte de veciños que non entenden que aínda haxa algunhas persoas dispostas a traballar para ben de todos sen máis recompensa que o gustos de facer polo seu pobo.

Se eses poucos que desinteresadamente seguen traballando para que todo mellore tiveran o apoio deses outros moitos que sempre están en contra, estou seguro de que teríamos eses servizos tan necesarios

como poden ser: camiños limpos para facer sendeirismo, algunha instalación deportiva, muíños restaurados, etc. Todos sabemos que se non temos servizos tampouco teremos visitantes. Bueno case todos, porque semella ser que aínda hai moitos quen non se decataron.

Un concello ou un pobo teñen aquilo que os seus habitantes queiran que teña. Se loitan por ter servizos ó final conseguiranos aínda que custe tempo e esforzo, pero como non terán nunca nada, é anclados no negativismo e deixadez. O que algo quere, algo lle custa, e non podemos pretender ter algo sen merecelo, sen loitar por conseguilo.

Hoxe o noso Concello é moito máis coñecido que hai uns anos grazas a un reducido número de persoas que se preocuparon, e se preocupan, de que así sexa. Pero esas persoas necesitan que se implique máis xente.

Dende estas liñas pediríalles ós anti-todo que deixen traballar a aqueles que mellor o saben facer, e que non lles quiten a ilusión que, ó final, todos sairemos gañando. Ás autoridades locais pediríalles máis ilusión polo seu Concello, que outros concellos lindeiros teñen moitos máis servizos que o noso sen razóns aparentes. Non sería bo ter que admitir que son máis listos que nós.

No Caurel hai moita xente válida, o malo é que a inmensa maioría vive e traballa fóra, pero teñen ideas e ilusión por mellorar as condicións de vida dos seus pobos. Deixémoslos traballar a gusto que, ó fin e ó cabo, non só non van perxudicar a ninguén senon que todos sairemos gañando.

Arturo A. R.



ASESORES VILA CASTRO S.L.

ASESORES DE EMPRESA

ÁREA FISCAL-CONTABLE

ASESORAMIENTO FISCAL

- Asistencia a Inspecciones.
- Recursos.
- Constitución de Sociedades.
- Declaración Censal
- Legalización de Libros.
- Planificación Contable-Fiscal.
- Contabilidad de Sociedades.
- Confección de Libros Fiscales.

GESTIÓN TRIBUTARIA

- Declaración de la Renta de las Personas Fiscales.
- Impuesto de Sociedades.
- Impuesto de Actividades.
- Económicas.
- IRPF Retenciones a Cuenta.
- Módulos, Índices o Signos.
- Ingreso a Cuenta de Sociedades.
- Estimación Directa.
- Liquidación de I.V.A.

HACIENDA

- Presentación de Declaraciones.
- Presentación de Liquidaciones y Pago de Impuestos.
- Presentación de Actividades Económicas.
- Presentación de Sucesiones.
- Solicitudes de Número de Identificación Fiscal.
- Solicitud de Etiquetas.
- Solicitud Certificado Negativo de Hacienda
- Solicitud Duplicados de Documentos.
- Solicitud Cambio de Titularidad en el Catastro.

ÁREA LABORAL

SEGURIDAD SOCIAL

- Alta de Empresa.
- Partes de enfermedad y accidente.
- Libro de Visita y Matrícula.
- Nóminas y Seguros Sociales.
- Preparación y Cálculo de Finiquitos.

ASESORAMIENTO LABORAL

- Estudio y Elaboración de Contratos de Trabajo.
- Inspecciones.
- Expedientes de Jubilación.
- Pensiones.
- Negociaciones y Conciliaciones Extrajudiciales.
- Actas de Conciliación.
- Tramitación Expedientes Subvención.

ÁREA JURÍDICA

- Civil.
- Fiscal.
- Laboral.
- Mercantil.
- Administrativo.
- Herencias.
- Divorcios.
- Impagados.

OTROS SERVICIOS

- Tramitaciones varias a vehículos.
- Permisos y Licencias.
- Asesoramiento Financiero - Comercial.
- Patentes y Marcas.
- Registro Mercantil.
- Registro Propiedad.
- Informes Comerciales.
- Informes Prejudiciales.
- Verificaciones registrales.

Parque de San Lázaro, 9 - 3º Dcha. • 32003 OURENSE
Teléfonos 988 221 128 - 22 33 44 - Fax: 988 22 36 41

Velázquez Moreno, 9 - 6º Ofic. 16 • 36201 VIGO (Pontevedra)
Teléfono/Fax: 986 22 23 23

AS CABANAS DE MOIN DE BAO



As cabanas de Moin de Bao, atópanse nunha agreste paraxe á beira do río pequeno, na aldea de Meiraos. Ubicadas

nun lugar estratéxico onde converxen varios carreiros que en tempos tiveran moito tránsito de animais e persoas, xa que o carro non chega a esta paraxe, a serventía destes montes e dos prados que no lugar había, realizábase por medio dos devanditos carreiros que levaban a dúas pontes: a Ponte de Sufervenza (hoxe desaparecida) e a Ponte de Moin de Bao (a piques de desaparecer).

Estas cabanas, son de pedra pizarra con teitos de chantos do lugar, non é certo que sexan de pedra caliza, como se está a dicir nalgúns publicacións recentes, o que ocorre é que a pedra atópase recuberta dun lidro que lle confire unha fermosa cor branca e de ahí ben o erro. Estas atópanse emprazadas nunha ladeira do monte, agrupadas formando un poboado. Polo xeral, cada veciño tiña a súa, e se temos en conta que na aldea de Meiraos o número de casas-vivenda rondaba as corenta podemos supoñer que a cantidade delas estaba preto dese número; malia que moitas xa se atopan derruídas dende hai moito tempo, e hoxe en día, case todas a piques de facelo.

A toponimia do lugar, dá a entender que na zona houbo un muíño de auga que pertenceu a unha das casas da aldea de Meiraos que levaba o devandito nome, pero xa non queda quen lembre nin o muíño nin a familia “do Bao”. Consultado o Catastro do Marqués da Ensenada (1752) aparecen referencias a un home apelidado “do Bao” que ben puido se-lo dono do muíño, e cítanse varios muíños no río e tamén unha moa.

No lugar é de destacar, ademais da grande beleza, das construcións, as cepas centenarias de castiñeiros con liques nas súas pólas. Nos arredores atopamos unha parede feita no río con grandes laxas verticais que tiña por obxecto desviar a auga por dúas presas. Unha delas “A Presa do

Banzado” levaba a auga para a minicentral hidroeléctrica e para os mazos. A primeira aínda se conserva en perfecto estado e da segunda só quedan uns túneles que levaban a auga para os mazos. Todo o lugar atópase recuberto de silvas sendo imposible acceder a él. Nesta presa había, dúas grandes comportas de madeira para evitar posibles danos por exceso de auga.

A construción desta parede provocou unha elevación do nivel da auga, e unha grande acumulación de sedimentos fluviais que hoxe forman un remansiño por debaixo da emblemática Ponte de Moin de Bao, de poder realizarse unha cata deles, de seguro que nos proporcionarían grandes e importantes datos sobre a historia do Caurel, xa que en ningún outro lugar do río hai un aluvián tan importante, que ademais serve para pasa-lo gando que non quería cruza-la ponte (sempre houbo algunha vaca que non quixo pasar por ela). Ó lugar chega asemade, un calexón por onde baixaban gando e xente e que nas fortes tronadas do verán vaixaba ó río a auga que escorregaba dende moi por enriba da aldea de Meiraos, sobra, polo tanto, dici-los importantes achados que poidan atoparse soterrados no aluvián.

A Ponte de “Moin de Bao” é de vigas de madeira con traveseiros por enriba do mesmo material e atópase en estado ruinoso a piques de afundir, ésta que foi, ata hai ben pouco un importante paso sobre o río.

A tradición conta que nunha ocasión un home que andaba a pedir esmola achegouse ás cabanas crendo que dun pobo se trataba, e logo de petar en toda-las portas decatouse de que non habitaba ninguén no lugar. Relato este que ben puido ser certo, xa que na época do seu esplendor semellaban un pobo.

Foran empregadas para garda-la herba seca dos prados do lugar e a folla e nelas gardaban algo pouco usual: feixes de cádavos (palabra que no Caurel danlle un significado diferente que no galego normativo e empregándose para designa-los tacóns dos arbustos logo dunha roza). En tempos cando a fame apertaba, algunha delas foi vendida, ou mellor dito trocada, por un saco de patacas.

*Jesús Alfonso Parada Jato
Meiraos de Caurel*



- Nabizas con lacón e castañas
- Caza
- Entremeses caseiros
- Postres caseiros

**comidas caseiras
habitacións con baño**

Seoane do Caurel (Lugo)

Tfno.: 982 43 31 06



esmasbarato.com

Quienes somos

Perfumería

Parafarmacia

Cash & Carry



paseo virtual

Solicita xa a túa tarxeta



Reciba nuestras ofertas a través de su email y obtendrá además regalos sorpresa.

☐ Galego ☐ Castellano

Indique su email y el idioma en el que desea recibir sus ofertas

982 207 208

ATENCIÓN AL CLIENTE



líderes en la distribución de Perfumería y Parafarmacia

Esmasbarato.com es la sede Web oficial de **Arenal**.

Perfumerías; como bien indica su nombre que encierra toda una filosofía de trabajo que consiste en ofrecer siempre los mejores precios tanto en el punto de venta como en la propia red. **¡NO LO DUDES!**

Arenal Perfumerías es una empresa fundada en 1976 en la ciudad de las murallas, se dedica a la distribución minorista y mayorista de droguería, perfumería y parafarmacia. A lo largo de su historia, esta empresa gallega se ha caracterizado por la continua modernización de sus instalaciones, por la calidad del servicio, por la amplitud del surtido y por ofrecer siempre el mejor precio, de ahí nace el eslogan **"ES MAS BARATO"**.

Esta estrategia comercial se ha visto apoyada con unas campañas publicitarias especialmente atractivas, que marcan una referencia en la vida comercial lucense. Algunos ejemplos de ello son las promociones de dos Mistol a 1 peseta, 25 pesetas de dto. en el litro de gasolina, nuestro famoso 2 x 1, y un largo etc. que se prolongan en el presente con programas de fidelización pioneros en el uso de nuevas tecnologías como el **Club Telemóvil**, el **Club Email** y el **Club VIP** a través del móvil.

Desde el punto de vista de la gestión y la logística, **Arenal Perfumerías** dio un salto cualitativo en 2003 con la implantación en todo su proceso de negocio de sistemas **SAP**, la firma líder mundial en software de gestión empresarial.

Arenal participa en la sociedad **UNIBEL Perfumerías** que se dedica al mismo sector, pero con presencia en otras ciudades gallegas como Ferrol, Santiago de Compostela o Vigo.

Nuestra empresa cuenta actualmente con diez establecimientos, un cash y una plataforma de reposición en la provincia de Lugo y un establecimiento más en la ciudad de Ponferrada (León). En breve abrirán nuevos establecimientos en el área del Noroeste.



Camiño Real, 9
27004 LUGO - Tfno. 982 28 42 96



Avda. Ramón Ferreiro, 7
27001 LUGO - Tfno. 982 28 40 37



Quiroga Ballesteros, 7
27001 LUGO - Tfno. 982 28 40 07



C/ Obispo Aguirre, 2
27001 LUGO - Tfno. 982 28 40 14



Ronda da Muralla, 23
27001 LUGO - Tfno. 982 28 44 14



C/ Cardenal, 33
MONFORTE - Tfno. 982 40 30 81



C/ Calvo Sotelo, 9
SARRIA - Tfno. 982 53 55 35.



Avda. España, 3
PONFERRADA - Tfno. 987 40 96 76

Ahora También en...



Arenal Perfumerías, S.L.
Polígono Industrial O Ceao - Rúa da Industria 94 • 27003 LUGO - Tfno. 982 20 70 46
arenal@esmasbarato.com

Tolkien EN CAUREL


Fai moitos anos un amigo de A Coruña deixoume un libro, estaba escrito por un filólogo inglés amante das árbores, da campiña inglesa e que lle encantaba fumar en pipa. Era J.R.R. Tolkien, e o libro «O Señor dos Aneis»

Hoxe é mundialmente famoso, unha historia marabillosa chea de elfos, ananos, magos, trasgos e guerreiros. Personaxes míticos xurdidos das vellas lendas celtas e escandinavas.

A historia transmitiume tanto, que cheguei a encariñarme cos personaxes e identificar as paisaxes imaxinarias coa realidade das paisaxes reais. Ó principio do libro fala dun lugar chamado «A Comarca» onde viven unhas xentes sinxelas (os hobbits). Amantes do campo, e cando rematan as súas tarefas co gando ou nas hortas, reúnen na taberna a rirse e contar historias, aquilo recordoume á xente do Caurel da miña infancia, cando se reunían nas longas noites do inverno a contar contos ó pé da lareira, ós filandóns ou ás festas de entroido. A mesma paisaxe desa comarca recórada-me a o Caurel, aldeas pequenas rodeadas de prados e pequenas hortas.

Pero como en toda boa historia hai un malo moi malo, chámase «Sauron» e vive nun lugar chamado «Mordor», un lugar escuro, cheo de fume, e unha enorme torre negra, a súa intención é dominar ese mundo verde e luminoso e mergullalo na escuridade.

«Mordor» lémbreme ás grandes cidades, con escuras torres e cheas de fume. Para dominar ese mundo, «Sauron» crea un anel de poder que corrompe a quen o leva, algo moi parecido á sociedade actual consumista e depredadora, ¿cantos caureláns deixaron a súa comarca para irse a «Mordor» nos anos 60 e 70? Moitos para ganarse millor a vida nas grandes urbes, meus pais foron uns deles, eu tiña 4 anos e cando cheguei a Barcelona, a miña impresión debeu ser moi semellante á dos



«hobbits» do libro cando chegan ás portas negras de «Mordor», mesmo a contaminación da cidade fíxome coller unha enfermidade respiratoria.

Sempre que puiden volvíñ a Caurel, iso lémbreme cando ó final da historia os «hobbits» retornan á súa «Comarca».

O amor de Tolkien polas árbores vese reflectido, no episodio de «Barbol», a árbore milenaria e sabia, que coida ás outras árbores do bosque, ¿non podía ser un deses castiñeiros centenarios dos nosos soutos ese Barbol?, castiñeiros que viven á beira das nosas aldeas e que alimentaron a tanta xente da serra.

«Rivendel» é un lugar idílico no «Señor dos Aneis» onde viven os «elfos», a salvo da maldade de «Sauron», eu sempre imaxinei ese «Rivendel» como a miña aldea rodeada de montañas e verdes prados. Desde a casa da miña aboa, ollábanse os bidueiros, e nos solpores as brétemas brincando polos picos da serra.

	pinturas RICARDO <i>Ferramentas para o Pintor</i> Rúa/. Manuel María, portal 1 - baixo A • Tfno. y Fax 982 212 209 / Particular 982 245 248 • 27003 LUGO	Macy Ricardo Varela Varela DELEGADO DE VENDAS M^a Teresa Castro Álvarez VENDAS
--	--	--

Supoño que moitos xa vistes as tres películas, moi ben feitas, baseadas na historia; cando as vin unha reflexión nova veume á cabeza, ¿non seremos moitos como eses “hobbits” atrapados en aneis de poder, en forma dunha vida cómoda na cidade, que non temos valor para tornar á comarca? Pode ser, todos temos algo de “hobbits” e de “Sauron”.

Tolkien escribiu unha bonita historia sinxela e emotiva baseada na natureza humana.

Outro personaxe moi bonito do libro é o mago “Gandalf”, que tanto me recorda a aquel mago tan galego que Cunqueiro creara no seu libro “Merlín e familia”.

Este verán á miña aldea chegou un home vello, fumaba en pipa e tiña acento inglés, veu falar con un vello no outeiro, preguntaba onde había un castro con mouros, o vello sinalou cara a montaña e díxolle a o home da pipa:

-Mouros, eu non creo neles, pero habelos hainos.
O home da pipa sorriu e díxolle:

-Xa encontrei a miña comarca.

Apagou a súa pipa e marchouse cara o castro de Miraz.

Días despois un paxariño díxome que no ceo dos escritores Tolkien e Uxío, son moi amigos e intercámbianse poemas e escritos, os paxariños da serra sempre din a verdade. Fai unhas días entre as árbores do souto de Miraz, coméntase que foi o cumpleaños do castiñeiro máis vello. Polas noites as troitas do río Lor, falan dunha gran festa na ourela do río, un baile entre “elfos de Rivendel”, e “mouros do castro de Brio”, tocaba a gaita un home moi vello de Froxán. Tamén falan os corvos, de ananos buscando ouro na “mina da Toca”, e que un deles traballa na vella

Ferrería de Seone facendo espadas. Espero que un destes veráns veña tamén o mago “Gandalf”, que fai unha soberbia queimada, sei que o invitou o “Merlín” de Cunqueiro a pasar unhas días en Mondoñedo, pero díxome o “druída do Chao da Pedra”, que igual ven pasar unhas días en Caurel. A “Sauron” no lle apetece ver a nosa serra, respirar un aire tan limpo, pero hai algúns caureláns que desexan invitalo, enchendo as rúas de lixo e queimando montes.


Tamén sei que “Sauron” ten algún bon amigo na Xunta e que xuntos fan plans para converter o Caurel nun lugar menos parecido á “Comarca”. Os veráns son máis interesantes desde que Tolkien estivo en Caurel. O posadeiro de Folgoso, xosé Pedriña, afirma que durmiu alí, e que deixou a súa pipa. O seu fillo atopou un poema na súa habitación:

Que o lume de Sauron
e os lobos de Isengard
non chegan a estas cumes
on de se vei
o pequeno que é o home.
Que a luz de Valinor d os ilumine



¿Alguén dubida que Tolkien estivo no Caurel? Eu non, hai tantas comarcas, tantos Rivendels, no noso corazón, non deixemos que Sauron os queime.

*Xaime Fariñas Chaos
Barcelona*



**Serigráfica
ARGENTINA**

**IMPRESIÓN SOBRE TODO
TIPO DE MATERIAL**

C./ Flor de Malva, 21
Tel. y Fax - 982 20 21 93
Garabolos - Lugo

Entrevista

Jennifer Mendoza

Jenifer Mendoza

unha rapaza con raíces no Caurel que triunfa no Voleibol Feminino en terras andaluzas.

No número 10 de A CANDEA e na sección da ENTREVISTA falamos con M^a José Garrido unha Caurelá que con traballo e constancia fíxose un oco entre o mellor do voleibol feminino deste país. Nesta edición entrevistamos a Jennifer Mendoza Cortiñas unha rapaza que aínda que non nacera en O Caurel si está vencellada a esta zona, a súa familia materna ten as orixes en Cortes, lugar da parroquia de San Silvestre de Seceda. Apesares da súa xuventude, as condicións humanas e deportivas están a situala no grupo das mellores xogadoras nacionais na cada día máis competitiva Superliga Española de Voleibol Feminino.

Onde e como foron os primeiros contactos co Voleibol?

Foron no colexio Escolapios en Monforte de Lemos cando tiña 8 anos aínda que neses momentos o voleibol era unha diversión e non foi ata os 12 anos vinculada ó club "A Pinguela" cando empecei a practicalo con fines deportivos. Agora gardo moi bos recordos destes anos onde coñecín a moita xente coa que compartía unha afección.

Ó nacer en Monforte, onde o voleibol feminino ten unha importante presenza, influíu na túa decisión de escoller este deporte?

Si, de feito decidín practicar o voleibol porque tiña unha coñecida que xogaba ó voleibol na "Pinguela" e coincidiu cos anos nos que o club estaba buscando chegar á división de honra.

Imaxínaches nos teus comezos que chegarías ata onde chegaches?

Non, sobre todo os primeiros anos que era moi xoven e o vía como unha diversión pero cos anos e traballo foron chegando os obxectivos e os logros pero sempre disfrutando deles.

Márcaste algunha meta?

A miña meta sempre foi traballar e aproveitalo momento en que che veñen as cousas, sempre disfrutando. Téñome marcado moitas metas e seguírei marcándomas porque creo que é imprescindible para mellorar deportivamente e como persoa.

Cal foi para ti o momento máis feliz no eido deportivo?

Afortunadamente gardo moitos recordos bos dende que empecei a xogar estando entre eles:

gañar campionatos de España co colexio e co club en categorías inferiores, cando comecei a xogar en división de honra e xogar ca Selección Española júnior e absoluta en diferentes campionatos internacionais.

E no persoal?

Todos os momentos cos que soñas e ves que se van cumprindo.

E o peor momento?

Pois quizais sexa este ano ca perda da categoría do equipo no que me encontro (Universidad de Granada).

O deporte a estes niveis esixe moito, pensaches algún día en abandonar?

Aínda que sexa moi xoven houbo veces que pensei en deixalo porque é moi duro e máis cando estás realizando uns estudos á par pero aínda me quedan soños e ilusións por cumprir.

Aparte de xogar ó volei estás a facer algunha outra cousa?

Estou rematando os estudos universitarios en Fisioterapia.

Como valoras a situación nestes intres do Voleibol neste país?

Afortunadamente o voleibol en España está aumentando de nivel tanto no traballo da Selección Española como o nivel existente na superliga.

A superliga feminina española está a converterse nunha das máis competitivas do mundo o que conleva que os equipos se reforcen e entren xogadoras foráneas. Cres que isto é bo para o voleibol español?

ACADEMIA RECATTELO
PRIMARIA -ESO
BAC-UNIVERSIDAD
 DESDE 1991
 CAMPUS LUGO Y SANTIAGO
 SERIEDAD
 Pascual Veiga,12
 (Enfrente a Columpios
 Parque Rosalía)
 Entrevistas con padres, Grupos Reducidos
 Controles asistencia y académicos
 982 284 187



É bo no aspecto de que estas xogadoras tamén fan que o nivel do voleibol mellore porque moitas teñen gran calidade e esto existe maior competitividade aínda que en moitos casos as perxudicadas somos as nacionais que temos máis complicado o poder xogar.

Si tiveras que avaliar de 1 a 10 a túa estancia na A.D. A Pinguela que nota lle darías?

Un 8. O seu trato

comigo foi bo desde pequena. Foi onde comecei a formarme como xogadora e onde empecei a disfrutar do voleibol.

Son catro temporadas militando no Universidade de Granada, atópaste a gusto en terras andaluzas?

A verdade é que a súa acollida xa fai 4 anos foi moi boa e dende logo estou a gusto. Tamén aquí tiven a oportunidade de formarme deportivamente así como de levar os meus estudos á par, o que é moi importante.

Este non foi un bo ano para o teu equipo, logo de moitos tempadas na superliga acaba de perder a categoría, como se vive esta situación?

Pois a situación é complicada, é moi difícil de levar, polo que certamente non foi un bo ano como dixen anteriormente, sobre todo porque é un club con moita tradición e que nos últimos anos estaba apostando pola xente xoven, nacional e estudante. Hai poucos clubes nos que se dé esta circunstancia.

Xa co Universidade de Granada descendido e rematada a liga, cales son os obxectivos máis inmediatos?

Pois de momento os deportivos non os teño claros e agora estou dedicándome a acabar a carreira.

Verías con bos ollos a chamada da A. D. A Pinguela?

Si, nunca descarto ningunha opción.

Como valoras ti que unha cidade de preto de 20.000 habitantes teña competindo un equipo na Superliga?

Pois creo que é digno de admirar porque é moi difícil sobre todo polo tema do presuposto que ó ser unha cidade tan pequena é máis

complicado pero ten unha directiva que se move moito e vive o voleibol.

O ser internacional coa selección, imaxino ten que ser un motivo de lecer para calquera xogador ou xogadora sexa o deporte que sexa. O xogar no combinado nacional era para ti unha conta pendente? Alcanzaches con eso o teu soño? Ves con eso culminadas as túas aspiracións?

Dende logo era un soño para min e creo que para calquera deportista e fíxome moita ilusión pero aínda quedan moitas ilusións por cumprir.

Falemos do Caurel ¿visitas habitualmente a aldea de túa nai?

Pois a verdade é que a visitaba moito máis cando era pequena que nos últimos anos, tamén porque moitos case non teño nin vacacións.

Como ves esta zona?

Dende logo é unha zona preciosa onde podemos disfrutar de paisaxes increíbles que, agora que estou en Granada, moitas veces bótanse de menos.

Que quitarías e que poñerías no Caurel?

Non quitaría nada e gustaríame que se dese máis a coñecer, aínda que nos últimos anos é mais coñecida debido ó turismo rural.

Dende a túa posición como deportista de élite que consellos darías ós rapaces e rapazas do Caurel?

Que practiquen o deporte que ademais de ser moi sano e coñecer a moita xente pódese chegar a disfrutar moito.

Pola túa idade pódese dicir que estás a comezar a verdadeira carreira deportiva, que obxectivos te marcas?

Todos os que sexan posibles e me fagan mellorar como deportista e persoa sempre que disfrute con eles.

Gustaríache saír fóra das nosas fronteiras, xogar nas ligas Italiana ou Francesa por exemplo?

Polo momento esto non entra dentro dos meus obxectivos.

Rematada a liga cales son os teus proxectos inmediatos?

Acabar a carreira de Fisioterapia.

Deixaraste ver este ano polo Caurel?

Neste ano non pasei polo Caurel pero aínda estou a tempo.

A pesares da rivalidade que hai na cancha M^a José Garrido e ti gardades unha boa amizade, gustaríache xogar no mesmo equipo?

Por suposto porque ademais de ser unha gran xogadora é unha excelente persoa. Gardamos unha boa amizade.

Foi un pracer esta entrevista, dende a revista A CANDEA desexámosche os maiores éxitos na túa carreira deportiva e persoal. Sentimos orgullo de que unha rapaza con sangue do Caurel forme parte do cada día máis difícil mundo do deporte de élite.

Marzo de 2006



URBANO ARZA, S.L.

CONTRATISTA DE OBRAS

MATERIAL DE CONSTRUCCIÓN - MOBLES
FERRETERÍA - BAZAR - ROUPA E CALZADO

Supermercado CLAUDIO



C/ Deputación N^o 41 • 27325 FOLGOSO DO CAUREL (Lugo)
Tfno.: 982 433 026 - Fax: 982 433 055

DISPOSICIÓN LEGAL DE INTERESE PARA GALICIA

LEI DE DEREITO CIVIL DE GALICIA

Lei 4/1995, do 24 de Maio (DOG Nº 107, do 6 de Xuño de 1995)

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1

O dereito civil de Galicia está integrado polos usos e costumes propios e polas normas contidas na presente lei, así como polas demais leis galegas que o conserven, desenvolvan ou modifiquen.

Artigo 2

Os usos e costumes notorios non requirirán proba. Son notorios, ademais dos usos e costumes compilados, os aplicados polo Tribunal Supremo, polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ou pola antiga Audiencia Territorial de Galicia.

Artigo 3

1. Aplicaranse o Código civil e as demais leis civís comúns cando, ó faltar de costumes e leis civís galegos esas normas non se opoñan ós principios do ordenamento xurídico galego

2. Non serán aplicables os usos e costumes cando fosen contrarios a leis imperativas.

Artigo 4

O dereito civil galego terá eficacia no territorio da Comunidade Autónoma. Exceptúanse os casos no que, conforme o dereito interrexional ou internacional privado, deban aplicarse outras normas.

Artigo 5

1. A suxeición ó dereito civil de Galicia determinarase pola veciñanza civil, consonte o disposto no dereito civil común.

2. Os galegos que residan fóra de Galicia terán dereito a mante-la veciñanza civil galega consonte disposto no dereito civil común e, en consecuencia, poderán seguir suxeitos ó dereito civil de Galicia.

TÍTULO I

Da situación de ausencia non declarada

Artigo 6

Na situación de ausencia non declarada xudicialmente, para os actos e negocios de administración que non admitan demora, o cónxuxe non separado legalmente, os descendentes e mailos ascendentes, por esta orde, con capacidade xurídica plena, maiores en idade en relación cos do seu grao, representarán ó ausente

mentres a citada situación permaneza.

Artigo 7

Os bens do ausente a que se refire o artigo anterior serán aproveitados polo cónxuxe e, no seu defecto polas persoas referidas neste artigo, de acordo coa mesma prelación e coa obriga de render contas.

Artigo 8

Nos casos referidos anteriormente, o representante do ausente percibirá, como mínimo, o vintecinco por cento dos froitos netos dos bens que governe.

TÍTULO II

Da casa e da veciña

Artigo 9

A casa patrucial e os seus anexos constitúen un patrimonio indivisible.

Artigo 10

Os patrucios dunha parroquia constitúen a veciña, que administra os bens en mancomún, segundo costume ou consonte o acordado pola maioría. Quedarán excluídos deste réxime os montes veciñais e mancomún, que se rexerán pola súa propia lexislación.

Artigo 11

A veciña reunirse polo menos unha vez ó ano, cando, como e onde o acorde, e estará presidida polo vigairo ou patrucio de máis idade ou pola persoa escollida pola maioría dos patrucios. O presidente ten voto de calidade en caso de empate.

Artigo 12

O presidente chamará ós patrucios con tres días de antelación. De non o facer así, a veciña reunirse o 3 de decembro de cada ano, agás que houbese costume de xuntarse outro día.

Artigo 13

Na reunión anual da veciña, polo menos someteranse a aprobación as contas do ano anterior e fixaranse os plans ou obxectivos de actuación para o ano seguinte. Os acordos inusitados serán documentados.



CHIMENEAS
Hogar Confort

CHIMENEAS FRANCESAS
RECUPERADORES DE CALOR
ESTUFAS, BARBACOAS, ETC.

Ctra. N-VI, Km. 399 - Tel. y Fax: 987 562 717
24550 VILLAMARTIN DE LA ABADIA (León)

outro caurel mellor

Cando a dispoñibilidade o permite adéntrome nos vieiros da serra, percorro os auténticos vasos sanguíneos do Caurel. No meu ir e vir polos camiños e carreiros dunha das zonas máis interesantes da xeografía galega atopeime cunha chea de cousas, moitas delas dignas de transmitir dende o meu caderno de viaxe ós medios de comunicación e así facer que cheguen á opinión pública; nalgúns casos auténticas barbaridades que te fan pensar e reflexionar, actuacións que hai que rematar con elas sexa como sexa, cousas que non poden acontecer na Serra do Caurel nin en calquera outro lugar do planeta nos tempos nos que vivimos.

Cada día a sociedade está a sensibilizarse máis nos temas medioambientais; a recuperación e conservación dos espazos naturais e un correr de boca en boca; parece ser que todos estamos do lado de protexer e conservar a quen nos dá vida e mantén con ela; o triste é que na realidade pouco ou moi pouco nos importa manter vivos os valores naturais, eso estou a velo na zona da que falamos, as administracións non están no seu sitio, non defende o que obrigatoriamente teñen que defender, e digo obrigatoriamente por que así é. Elas están para velar que as leis se cumpran, senón na súa totalidade si en parte. Centran a súa actuación en que veciños e persoas que en xeral pasan polo Caurel cumpran coa legalidade pero non se dan conta ou non queren darse, do mal que están a facer.

Esta introducción vén dada por algo que vin cos meus ollos e me fixo arrepiar nunha desas miñas incursións pola Serra, e relato os feitos:

Camiñaba pola pista que dende Folgoso (campo de tiro) baixa ata o río Lor para logo continuar ata Baldomir, máis veces o fixen e sabía que neste tramo existía un vertedoiro de lixo, nunha ubicación por certo pouco afortunada. É mellor descoñecer de quen foi a idea e por que, aínda que buscáramos non atoparíamos responsables, nin quen tivera mellor idea; pero xa ó marxe da ubicación o que me impresionou e se sona máis fino, *impactou*, é ver un vertedoiro onde para todo tipo de lixo, impresiónate señores!... alí, e no mesmo camiño onde pasan multitude de persoas e que coma min escollen o Caurel para esquecer o estrés que nos toca vivir a diario, podemos tropezar con cousas do máis insospeitadas: electrodomésticos vellos, camas e colchóns, produtos do máis variados cousas tan perigosas e contaminantes coma baterías de automóbil, aceites e

pinturas, etc. que de chegar ó río, e chegan, poñerán en perigo a flora e fauna da nosa terra. Pero ademais do narrado e algo que non vira en anteriores rutas, o cheiro que alí se apercibía era de tal magnitude que facía imposible manterse uns poucos segundos a carón daquel triste espectáculo; só uns cans e corvos eran quen de facer parada no lugar por si había algo que aproveitar. Nun saco á beira da pista deume a sensación de que contiña restos de animais mortos, todo o lixo tirado de calquera xeito e o vertedoiro sen ningún tipo de protección, algo que impida que teñan acceso a éste calquera animal sexa doméstico ou do monte, un problema de saúde moi serio que pode dar nunhas consecuencias dunha gravidade extrema. Teño entendido que este tipo de vertedoiros teñen que estar cerrados por un balado que impida o acceso a persoas e animais. Por que non é así? Si me achego ó río pegar uns lances coa caña e non dispoño das correspondentes licencias ou permisos ou non cumpro a legalidade, de seguido teño enriba uns axentes dispostos a denunciarme e facer que cumpra as normas. Por que non se vixían estas irregularidades que teñen consecuencias máis negativas para o medio que coller unha troita un centímetro máis pequena do establecido ou coller unha máis do cupo.

Decidín marchar de alí o máis pronto posible, non me atrevín a sacar a miña cámara fotográfica aquilo era moi forte, non mereza sacar unha foto, tiña que fuxir e pensar que esto era imposible que acontecera, autoconvercerme de que nos tempos que estamos isto é imposible e máis cando a lexislación é tan esixente con estes temas.

Logo duns días deste acontecemento penso se fixen mal non chamar ás autoridades con competencias no tema e se esto servía de algo, por outra banda penso que igual fixen o que debía e así non me crearía problemas. As autoridades saben do vertedoiro, nas condicións no que se atopa, de como se actúa nel e non din nada, que podo facer eu. O único que se me ocorreu foi desafogarme e facelo público, e que mellor que na Revista do Caurel *A Candea*.

A foto que adxunto non di moito pero amosa do pouco axeitado da ubicación do vertedoiro en cuestión.

Alguén pode poñer freo a este despropósito? Fan algo nosos gobernantes para que as leis que eles aproban se cumpran? **É tan difícil facer un Caurel mellor?**

Un asiduo do Caurel



EL GORDO DE La Primitiva

Bono Loto

La Quiniela

La Primitiva

Reserve xa a súa Lotería de Nadal

ADMINISTRACIÓN Nº 12

Crta. N-VI, km. 501,6

27004 LUGO

(Centro Comercial Carrefour)

Telf. 982 203 159

Pregón

É unha cabronada que me inviten a facer un pregón, pero primeiro me desfolguen e deixen sen forza batendo coas castañas, a ver agora quen fai o pregón.

“Amigos e amigas do Caurel, bos días e benvidos a VII Edición desta fermosa, agradable, tradicional, gastronómica, folclórica, campestre, feiticeira, pequinica (estamos de pícnic), sequeira, bandoxa e gamberra Festa da Pisa da Castaña.

Que bonita festa!... Que bonita mañá!... E que raro que un pregón se faga pola mañá co que nos costa aos pregoeiros de mala vida madrugar e aparentar boa imaxe (alucinas mandarinas coa organización) en fin... Pero máis raro era saber que quen me introduciu nesta tarefa de pregoeiro era a miña compañeira de profesión a Mónica de Pratos



Un ano máis, sacos cepos, bandoxos, pisadores, bandoxadores e xentes en xeral honraron o froito do Caurel por natureza, a castaña. Foi coma en anteriores edicións na aldea de Froxán; alí deuse cita un bo número de amigos da tradición e do bo xantar. Logo de mostrar a ancestral labor da “pisa” e “abandonado” os alí presentes deron boa conta dos centos de racións de castañas cocidas acompañadas de produtos do porco que se ofreceron. Non faltou a música da terra o que fixo animar máis o xa bo ambiente creado neste festexo. Estiveron presentes o Sr. Delegado Provincial da Consellería do Medio Rural D. Emilio López Pérez e outros membros da mesma delegación e o Sr. Alcalde do Concello de O Caurel entre outras personalidades, tamén acudiron á cita O Director xeral da Editorial Xerais e o escritor Caurelán Xesús Manuel Marcos xa que este día se facía a presentación do libro “Fonte de Esperante”.

O pregoeiro desta edición foi o actor galego Sergio Pazos de seguido reproducimos o pregón, e como non podía ser menos e de quen viña, estaba cheo de humor.



Miel de producción Ecológica



*Esta miel cosechada en los profundos valles de la Sierra del Caurel, en donde conviven la flora mediterránea y atlántica, tiende a cristalizar. Si se prefiere líquida debe calentarse al baño maría a una temperatura de 40º C.
Conservar a temperatura ambiente*



CAURU, SDAD. COOPERATIVA GALEGA
Rúa Arroyo, 6-1º • 27320 - QUIROGA (Lugo)
Teléfono: 982 435 179 • Móvil: 679 746 303

Miel cosechada en la sierra del Caurel

da pisa



Combinados; si, si, esa que todos ben coñecemos, que non é o mesmo que coñecer (aí hai unha variedade), é que xa leva varios anos disfrutando coma unha tola da

Pisa e do poso do viño desta festa. Virá pola tarde. E aí ven a miña primeira dúbida: unha tipíña que me dá calabazas, que pasa de min olímpicamente na serie por máis que eu intento facer a Torre de Pisa con ela, agora vai e que teño que vir á festa como sexa! (raro, raro, raro...).

Pero hai máis... falo co Evaristo Méndez, con ese tipo que hai que darlle de comer a parte, pásame información da festa e resulta que a Asociación *Fonte do Milagro* (atención ó nome Fonte do Milagro que isto ten coña). Esta Asociación que intenta recuperar a cultura e os vellos oficios de antano, je, je, inocentes... resulta que se creou no ano 1999, é dicir creouse un 999, e que é un 999 si se lle dá volta? Un 666 que é o número da besta escondido, o número do diaño... e chámase Fonte do Milagro (raro, raro, raro). Pero aínda hai máis, amigos incrédulos que vos afectan os aromas psicóticos que a Pisa da castaña esparce polo aire como o sulfuro de Satanás.

A festa faise no Concello de Folgoso do Caurel, como van traballar na Asociación uns tipos que

están todo o día folgando. O domicilio social é na aldea de frouxán, como van traballar se lles entra a flouxeira? E o peor de todo, queixanse do pouco apoio prestado polas Administracións... pero non da iso aínda máis folgos para traballar? Aquí amigos e amigas do Caurel pasa algo raro, raro, raro... por iso eu penso que todo este feitizo máxico que nos apodera só se pode desenfeitizar entregándose á festa a bailar e beber e beber e bailar ó solpor e máis despois, e moito máis despois e por este motivo eu trouxen un esconxuro en forma de rap galego que todos me tedes que acompañar.

Pola Pisa, pola festa e por nós

A lista da poli está tra-la pista

dunha festa concisa

a festa da Pisa...

A xente indecisa

que xa se dé prisa

sen cortaprisa

xa ven, xa ven...

a festa da Pisa.

Xa se cheira na brisa

que asubía na cornixa

en plan sacerdotisa

xa ven, xa ven ...

a festa da Pisa.

Xa ven ata Elisa

con toda esa sorrisa

linda sacerdotisa,

ela non vai a misa

vai... a Festa da Pisa.

A festa ten premisa

quitar a camisa

que veña a risa

á festa da Pisa.

Subirse a cornixa

e bailar na repisa

comer ben, sen prisa

e botar un

na festa da Pisa.

Xa está toda lista,

esta festa tan lisa,

xa a raíña Artemisa,

no lo di Clarisa:

a Pisa, a Pisa, a Pisa da castaña

é a mellor festa

ata mañana!!!!...

Moitas grazas señores.

SANDRA CANCELA

C O C I Ñ A S

RÚA MANUEL MARÍA 2-4 BAIXO


982 203 985

e-mail: cancelacocinas@mundo-r.com



UXIO NOVONEYRA

HOMENAXES E LEMBRANZAS DO POETA DO COUREL (13ª Parte)



Cómpre mencionar a homenaxe conxunta que os poetas renderon a Novoneyra no nº VII-VIII da revista CLAVE ORIÓN que dirixe a poetisa Luz Pozo Garza.

Baixo o lema “Homenaxe a Uxío Novoneyra e a Manuel María” (anos 2000-2001), edición ó coidado de Natalia Regueiro, o amigo e compañeiro de Uxío, Manuel María, autor de inesquecibles poemarios como “Muiñeiro de Brétemas” ou “Morrendo a cada intre”, publicou na Clave Orión un poema-homenaxe dedicado a “A Uxío Novoneyra” na lembranza da amizade que uniu ó chairego e a(.) Uxío do Courel dos tesos cumes/ onde é o silencio, a inmensidade(.)extracto (sic). O mesmo co poeta chairego entregou a Ramón Regueiro para ser publicado no nº 10 da revista do Courel A Candea. Uxío, Manuel María e Luz Pozo son alicerces da poesía galega, non hai que esquecer que, no prolegómeno do poemario “Terra Chá” de Manuel María (Ed. Celta-Lugo)1953, Ánxel Fole destacou ós tres poetas galegos: Manuel María-Uxío Novoneyra-Luz Pozo. O autor da “Terra Brava”, ó comezo dos anos cincuenta apostou polos poetas lucenses: “Manuel María un dos máis esgreivos segreles novos da terra luguesa, que conta con poetas mozos tan interesantes como Luz Pozo Garza i Uxío Novoneyra. E non soamente da terra luguesa, senón de toda a Galicia(sic). A amizade entre Manuel María e Uxío vén dada polo amor ó profundo da Terra que irmanda a Terra Chá e a Serra do Courel a través do imaxinario popular que foi quen de inmortalizar as lendas das lagoas que agachan as cidades asolagadas da Lucenza ou Lucerna, lagoa mítica que na Terra Chá (.) é semellante a un mar en calma(.) Terra Chá-Manuel María e no Courel, (.)“outo bosco calado”(.)Os Eidos- Novoneyra.


Na CLAVE ORIÓN, homenaxearon a Novoneyra, poetas de diversas xeracións. Manuel Álvarez Torneiro, membro do “Grupo Amanecer” e autor de poemarios coma “Memoria dun silencio”(82) ou “As doazóns do incendio”, noutrora sentenciou: (.)“Non haberá piedade para a memoria. Non(.) (sic). Álvarez Torneiro enalza ó Courel a través do poeta no “Courel arriba”(.) Palabras contra os arcos da morte/ e o seu sauep)(.), poema que o propio A. Torneiro ilustra cun debuxo no que idealiza a “montaña do Courel”.(sic).

Por outra banda, o poeta Salvador García Bolaño, outro dos compañeiros de Uxío nos tempos de “La Noche” e as “Festas Minervais” e autor de poemarios: “Ao pé de cada hora”(67) e o sempre célebre (.) Non houbo galos/ O vento secou a súa palabra derradeira”(.) e, “Tempo de Compostela”(78), no que é de destacar as “Pegadas de alcatrán”(94). Tamén recorre ó nome do poeta da serra, para homenaxear a “Uxío Novoneyra” ó que lembra como (.) Un vello soñador que xa repousa,/ velaí ó Novoneyra do Courel/ que fixo máis fermosa a nosa historia(.) (sic), poema que García Bolaño inclúe nos “Cantos da ausencia” Elexías (1959-2002), publicado en “A Nosa Terra”, poemario que, leva polo mundo a voz do poeta coas “ neves courelás na fronte alzada”(sic).

É evidente a admiración que os poetas galegos sentiron polo vate do Courel.

Sorprende a correntía de poemas-homenaxes que os poetas dedican a Novoneyra. O poeta Xosé María Álvarez





Cáccamo, da saga de poetas Álvarez-Blázquez- e, impulsor da “nova poesía galega” na década dos oitenta, na que espallou innumerables poemas polas revistas galegas: “Dorna”, “Luzes de Galiza”, “Nó” etc. e, autor dos poemarios o “Cimo das idades tristes” ou “Cadernos da ira”(99), na súa particular homenaxe a Uxío Novoneyra, retrotraenos ó tempo no que o poeta do Courel(.) Vai por Compostela Uxío Novoneyra pedra

adentro(.)(sic). Mais outros foron os versos que serviron ó poeta lucense Manuel Xosé Neira, autor do poema “O mar perdido”.

No Monte do Gozo, no ano 99, escribiu un elevado poema dedicado a Uxío a quen coroa coa flor dos Alpes no seu “Edelweiss místico” (.)Nin sequera por unha ave sobrevoado(.)

Mais, sen dúbida, foi a ladaíña de Ramón Regueira, a que recolle o pranto polo poeta da serra, o pranto de Moncho Regueiro enlazou ó Courel coas fragas do Eume, o día de Santos do 99, día no que Ramón Regueira berrou ós catro ventos: “Sempre será outono! Elexía a Uxío Novoneyra”. (.) Hoxe as campás de tódalas campás da serra do Courel, tódalas campás tanxen, debuxando as súas badaladas de bronce na chuiva diste día(.). Poema que recolle o sentimento de Ramón Regueira polo pasamento do amigo. Poema que Regueira enviou a revista A Candea e se publicou no nº 12.

Homenaxes ó poeta da serra que coroa a “PLUMA NA MAN”, da poetisa da Mariña lucense, Luz Pozo Garza, na que deu a coñecer primixenios textos de Uxío. Luz Pozo, autora de profundos poemas coma “O paxaro na boca”(52), “Verbas derradeiras”(76) Concerto de Outono(86), Códice Calixtino(86), Prometeo a flor do loto(92) e a “Vida secreta de Rosalía”,(96), vén de publicar no 2005, na Editorial Linteo, a interesante antoloxía “Memoria solar” que recolle antigos poemas e engade outros inéditos nos que reivindica ós precursores na aposta da Galiza do verde Eirín. “Páxina atlántica” fai un percorrido xeográfico-etnográfico e mesmo imaxinario, no que a poetisa da Mariña vai na busca do reino de Tara: (.) “Vin pallozas e torques e os míticos tesouros daquel reino de Tara (.)

Mercedes Vázquez Saavedra.
O Courel, verán 2005

 **MORENO** 

No antigo obradoiro do pintor Avari. MORENO convida a viño doce a tódolos amantes do CAUREL.

ARMANI-MOSCHINO-CALVIN KLEIN-DKNY-ADOLFO DOMÍNGUEZ
TOMMY-BELSTAFF-BARBOR etc.

Moreno. • C/Marqués de Ugena, 40 Sarria (Lugo) • Tfno.: 982 530 791

Impresiones de la SERRA DO CAUREL

Entre os moitos foráneos que viviron e percorreron o Courel, no derradeiro mes de novembro foi Annegret Jacobs, unha estudante Erasmus no Campus de Ferrol a que tomaba contacto, máis ben alucinaba a cada paso, con "a outra Europa".

Estas son unhas impresións súas escritas dende o Camiño da Prata, cara a Santiago, neste frío mes de febreiro.

Cuando salimos de Quiroga, alguien me comentó que esta ciudad es la ciudad más grande de la región, casi el centro. Tuve que sonreír. Vengo de Alemania, Renania del Norte, la región más poblada del país.

Quiroga para mí fue un pueblecito con encanto y muy acogedor, pero los "centros" para mí tienen otra pinta, por eso esperé con expectación como serían los pueblos de la Serra de O Caurel, una región de la que antes nunca había oído hablar en mi vida. Sólo tenía una información básica de Club Montaña Ferrol:

En verano, más cálido que la costa gallega, en invierno más frío, claro, estamos en la montaña.

Supe que hay olivos en esta región tan al norte, y castaños, muchos castaños según me comentaron y que también se explota la pizarra ¿cómo esto va junto? Los castaños los conozco de mi país, para mí son un símbolo de la Europa del Norte, los olivos por el contrario un símbolo del sur, del sol.

Los del Club me habían comentado la naturaleza encantadora y extraordinaria del Courel, pero ¿Cómo podía ser así si una región está llena de explotación industrial? Intenté imaginármelo pero no lo logré.

Saliendo de Quiroga, las pistas se convirtieron, cada kilómetro, más en pistas estrechas, con más curvas y después de que habíamos dejado la carretera nacional no había ningún pueblo visible (sin embargo sí había) aunque estaban un poco ocultos.

Medio siglo antes, en la época de la guerra civil, las tropas de Franco tuvieron problemas para reclutar a los hombres de las aldeas, ahora lo comprendí perfectamente. Sólo los postes de electricidad indican que debía existir civilización aquí, a primera vista, el entorno parecía desierto.

Pasamos por muchos valles y cada uno tenía su rostro propio: algunos llenos de castaños, otros con vegetación baja, muy densa.

Finalmente llegamos a A Seara, quizás veinte casas construidas de pizarra, la mayor parte de ellas vacías, unos ancianos siguieron viviendo aquí y había un bar. Esto es lo que más me extrañó. Un bar y casi no hay gente en el pueblo. ¿Quién vive de tan pocos ingresos? ¿Quiénes son los clientes?

Cuando entramos en el bar había gente, adultos, ancianos y niños comiendo el almuerzo ¿Qué había esperado yo? No lo sé, pero seguramente otra cosa. A lo mejor un grupito de hombres mayores, tomando una cerveza según su costumbre de años, que practicarían hasta su muerte, pero familias enteras seguramente no. ¿Son los parientes y niños de los que siguen viviendo aquí? No tuve el coraje de preguntar.

En Alemania también, especialmente en la parte muy noreste, hay regiones poco pobladas. También en los Alpes, La Selva Negra y en Eifel, hay regiones por las que se puede caminar horas sin ver a nadie. Pero aquí, pensé, se puede caminar días enteros sin ver a nadie. Poco antes del atardecer, llegamos cerca de la subida a "Formigueiros", a otro pueblo llamado Viviros, un conjunto de casas sin iglesia ¡en España!! Estaba deshabitado, y en verdad, todas las ventanas de las casas estaban oscuras, cubiertas de polvo, aunque los edificios (por lo menos la mayor parte) eran de buena construcción. Un pueblo de fantasmas, abandonado desde hace años. ¡Ésto me gusto! Algo tan lejano a lo que conozco. De repente aparecieron dos gatitos pequeños y en el aire se olió el humo de castañas asadas. En una de las casas había una persona asando castañas. Por una ventana se podía ver el fuego en un horno y una casa con jardín y ropa tendida. Otro signo de vida. Más raro que un pueblo vacío, es un pueblo en el que sólo vive una persona asando castañas. ¿Un eremita? ¿Un cuento de hadas? No lo sé, la verdad. Estuve dos días de Noviembre, en la Serra de O Courel, caminando por pistas de senderismo. Solamente vimos algunas veces a cazadores (seguramente de Quiroga). Para mí, dos días en un mundo de milagros.

Annegret Jacobs.



Casa Valín
ALOJAMIENTO RURAL
Nieves López Valín

APARTAMENTO COMPLETO

SEOANE DO CAUREL (Lugo)
Teléf. 982 155 388

COUSAS QUE ACONTECERON

RUTA DA ASOCIACIÓN XUNGALU
POLO CAUREL

O Pasado día 18 de marzo medio cento de membros da Asociación Cultural e Deportiva "XUNGALU" colectivo formado por funcionarios da Xunta de Galicia en Lugo, fixeron unha escapada a O Caurel para percorrer unha ruta. Nesta ocasión o itinerario a facer e a ruta que dende Seoane ascende pola beira do río Pequeno ata Paderne e dende alí a Mercurín para rematar na Ferrería de Seoane. O tempo non acompañou e os carreiros atópanse nun mal estado; a abundancia de auga e a maleza fan case impracticable esta bonita ruta. Rematada a ruta achegáronse ó Restaurante Casa Ferreiro para alí dar conta dun merecido xantar e así repoñer as calorías gastadas. Xa é habitual que membros desta Asociación fagan unha visita ó ano para coñecer mellor a Serra e os seus fermosos recunchos.

PRESENTACIÓN DO LIBRO
"FONTE DE ESPERANTE"

Coincidindo coa VII Festa da Pisa celebrada o día 10 de decembro do pasado ano facíase a presentación dun novo libro do escritor caurelan Xesús Manuel Marcos, nativo de Seoane pero que na actualidade reside en Madrid. Si na edición da Pisa do 2004 se presenta a primeira parte de "O Brindo de Ouro" A chamada do Brindo que fora Premio Merlín de literatura Infantil e Xuvenil 2004, entre outros recoñecementos, incluso máis alá das nosas fronteiras.

Nesta ocasión presentábase "Fonte de Espérante" onde se recollen uns relatos todos premiados: "Aliados solitarios" galardoado no Premio Modesto Rodríguez "Figueirido" do Pedrón de Ouro.

"Febre" Hispasat, "Sempre hai flores na tumba de Rita Xenove, Tratantes e Sumidoiro" galardoados no Premio Carvalho Calero do Concello de Ferrol. "Fuxidos e A noite de Arame" con galardón no Premio Manuel Murguía do Concello de Arteixo.

A traxectoria literaria de Xesús non fai máis que ascender, a proba é que cada pouco un libro seu sae a rúa e acadar o seu premio.

Ó facer a presentación coincidindo coa celebración da Festa da Pisa e Degustación da Castaña Seca, e nun marco enxebre, propio do Caurel convértese nunha presentación cun carácter especial. Estaban presentes o Director Xeral da Editorial Xerais, Manuel Bragado e outras personalidades do mundo da literatura.

Estamos expectantes de cando e cal será a próxima obra que Xesús Manuel saque á luz e que ben seguro será un novo éxito. Esperamos poder facer a presentación coincidindo con algunha das actividades que ó longo do ano realiza o Colectivo "Fonte do Milagro".



PUERTASAN PEDRO

Viajes

San Pedro, 64 - LUGO
Telf. 982 267 181

CANTARES DE REIS

Un ano máis os rapaces e rapazas da parroquia de Vilamor volveron percorrer as aldeas para cantar os reis. Dende que fai uns anos un grupo de xóvenes, acompañados dos pais e outros recuperaron o que fai uns anos era unha tradición no Caurel. O día 5 de xaneiro éstes, ataviados e equipados de instrumentos musicais, chaman ás portas dos veciños e non só interpretan un cantar ou peza típica destas datas, agasallan cun doce a todos aqueles que teñen a ben abrir as súas portas. Recollen o aguinaldo que se lle ofrece: nuns casos chourizos, noutros doces, etc. e tamén recadan algún diñeiro que, coma en anos anteriores, ofrecen a algunha ONG ou entregan para algunha causa. Este ano parte do recadado entregárono ó proxecto que



dende o club de voleibol A.Pinguela se levou a cabo e que era facer entrega de agasallos de Reis ós nenos que nestas datas estaban ingresados no hospital de Monforte.

A aportación á causa consistía en entregar un Euro por punto que o equipo monfortino fixera no partido benéfico que se disputou no pavillón da Pinguela entre os equipos de A Pinguela RIBEIRA SACRA contra o Avila Volei. Ó final as xogadoras do equipo da cidade de Lemos fixeron un total de 98 puntos o que facía que a aportación dos rapaces fose desa mesma cantidade.

Rematado o percorrido ordenouse unha xuntanza para dar conta dos chourizos e outras viandas que caeron no saco do recadador, unha cea animada e onde se falou de seguir con esta tradición que tanto está a gustar ós veciños desta parroquia caurelesa.



XUNTANZA DA ASOCIACIÓN FONTE DO MILAGRO

Como xa é habitual o primeiro sábado do mes de febreiro celébrase a Asemblea Xeral da Asociación Cultural "FONTE do MILAGRO" onde como punto de interese, e compre reseñar, é a elaboración do calendario de actividades a realizar no presente, o presuposto de gastos e ingresos previsto e facer balance do exercicio anterior así como expoñer e facer contas do ano 2005. Uns 40 membros do colectivo déronse cita en Folgoso, lugar onde normalmente se celebran as reunións. Logo de aprobar as contas do ano pasado e valorar de xeito positivo as actuacións levadas pola Asociación ata ese momento, entrouse no tema máis complexo que é a elaboración do calendario de actividades que teñen como base as que de xeito habitual se veñen desenrolando, Festa e Mostra da Serra da Madeira que neste ano se celebrará o 20 de maio, o Certame de Pintura un dos actos estrela que se levará a cabo o 15 de xullo, a Festa da Pisa, un dos días da ponte da Constitución aínda sen confirmar data fixa. Tamén se acordou dar continuidade á organización de rutas nocturnas ante a boa acollida que tiveron o ano pasado, estas serían coincidindo con datas veraniegas xa iremos informando a través da Web da Asociación ante a curiosidade que esperta esta actividade. Outro dos temas tratados, é a continuidade na limpeza de carreiros, estase a espera de conseguir os permisos correspondentes por parte das administracións, a organización dun día dedicado á Festa da Asociación, non hai data precisa pero estase a barallar unha fin de semana do mes de agosto. Tamén se tratou da recuperación de xogos tradicionais e organizar algún campionato para retomar estes vellos xogos hoxe xa esquecidos por moitos e descoñecidos por moitos máis.

Acordouse tamén a partir de agora establecer prezo á revista A CANDEA para axudar á súa publicación, o prezo acordado sería de 1 Euro.



**CASA
CATUXO**

**COCINA NATURAL
DE LA TIERRA**

*Teléfono para encargos: 982 16 52 13
Ponte de Valdomir - Folgoso do Caurel*

Adeus ó Poeta

ANTÓN PATIÑO

No camposanto de Monforte de Lemos descansa o contador de lendas, sabedor de historias mil, libreiro-escritor, micólogo-pintor-etnógrafo-poeta e recitador Antón Patiño Regueira.

Hai anos, meu tío Ramón, poeta-galegofalante no berce castelán, Valladolid, cando lle preguntei onde podería atopar documentación para un traballo sobre mosteiros, mandoume directamente a Antón Patiño. Non cheguei a saber cal foi a relación de meu tío con Antón, pode que viñera da vinculación do meu tío á Casa de Galiza de Valladolid ou pode que a relación viñera dos tempos nos que meu tío mercaba libros galegos na clandestinidade. Pero o certo é que a relación con Patiño, a parte da recomendación de meu tío para que Antón me orientara na compra de tumbos mosteirais, en realidade debeuse ó pintor Xavier Pousa e a Carlos Martínez, empresario do mundo da moda da rúa Eduardo Iglesias de Vigo e veciño de Librouro, a librería que Patiño rexentou xunto á súa dona dende finais dos sesenta. Carlos e Antón compartiron acotío, café e conversas dos tempos nos que ámbolos dous viviron na Arxentina. Nunca esquecerei o día que cheguei con Carlos Martínez a Librouro na busca "do vello", Antón non se atopaba no comercio, fomos na súa busca polos bares e cafés da zona, atopámolo ó saír da tenda de discos "LP", onde eu mercara uns discos de jazz, o que deu pé a Patiño a falar de música, dos cantares de cego. No 98, Patiño compuxo un longo poema-cantar de cegos na memoria de Filomena Arias de Torbeo. (.) ¡Ai Filomena Arias que fuches a Menciñeira sabia! (.) (sic) A viaxe do Tempo. A. Patiño. Outra das veces que fun con Carlos Martínez a busca-lo "Vello" polos cafés pretos a Librouro, atopámolo preocupado polo lixo do Vertedoiro de Bens (A Coruña), tema de acuciante actualidade naqueles intres, Antón entregoume unha copia do texto que acababa de escribir, cheo de correccións, no que non deixaba pés con cabeza. Noutra ocasión na que fun ó Alcobre a visitar ó pintor Xabier Pousa, pasei antes pola rúa Eduardo Iglesias, Patiño estaba a piques de saír de viaxe e falamos só un bocadiño diante de Fiorelli. -Dálle un corte de mangas ó "anano"- dixo a modo de despedida, referíase a un dos personaxes do "Dartalleito", singular obra de Pousa, que na represión identificaron co ditador-, o que causou a Xabier moitos problemas. Ó pechar o Pub Sésamo de Monforte, onde estivo colgado O Dartalleito durante anos, Pousa recuperou a obra que colgou na entrada da casa-rosácea do seu "paraíso olívico no reino dos nenúfares".

Outro punto de unión con Patiño foi Álvaro Álvarez Blázquez a quen como a Pousa, visitei na súa casa-refuxio de Saiáns. Antón e

Álvaro mantiveron unha estreita relación con Urbano Lugrís. Álvaro encargouse de facerlle unhas interesantes serigrafías e Patiño, en realidade, nos últimos tempos foi amigo e marchante de ULYSES FINGAL - o buceador de sonos mariños- a quen Patiño dedicou varios prantos: (.) ¡Ai! Ulyses Lugrís/ sempre te lembro/ coa túa mítica pintura! (sic). (A Viaxe do Tempo. Antón Patiño). Lugrís, pola súa banda inmortalizou ó amigo nun debuxo no que escribiu a célebre frase: (.) Para Antón Patiño libreiro e señor (.). Debuxo que, formou parte da retrospectiva de Lugrís que no mes de setembro do 97, tivo lugar no Círculo de Bellas Artes de Madrid, - exposición comisariada por Antón Patiño-fillo-, retrospectiva na que tiven a grande sorte de coincidir co pintor surrealista Eugenio Granell, que do brazo da súa dona, percorreu a exposición comentando cada unha das obras. A revista "Minerva" do Círculo de Bellas Artes recolleu a opinión de Antón Patiño fillo quen, a través da "Cartografía do sono", animaba ós visitantes a emprender a "Viaxe transoceánica de Urbano Lugrís". Sempre que estiven con Patiño faloume de Lugrís, a Antón gustáballe falar dos tempos nos que compartiu cuncas de ribeiro con Lugrís no bar Elixio de Vigo e, da recuperación dos murais de Lugrís espallados por Compostela e A Coruña, etc, entre os que se atopaba o mural do Banco Hispano-Suízo, actual cafetería Veccio da cidade herculina. Patiño admiraba ó pintor, pero tamén admiraba a participación de Lugrís nas Misións Pedagóxicas e na Barraca de Federico García Lorca. O "Vello poeta da gravata de lazo" acostumaba contar que, Lugrís tiña unha memoria prodixiosa, recitaba de memoria a Envida no Elixio, reuníanse co pintor Lodeiro e con Pedro Díez- que como os Álvarez Blázquez foi alumno de Ferro Couselo e o pintor Benito Prieto Coussent en Tui. Cando Antón se enterou que estivera con don Benito na súa casa de Granada, mostrou interese polos debuxos que lles fixera ós presos da cadea de Tui. Patiño coñecía a moitos artistas entre os que se atopaba Seoane e un longo etc. Non hai que esquecer que Antón foi paisaxista que asinaba as composicións como "Patiño O Vello", de aí vén o cariñoso alcume. O amor á arte de Patiño transmitiuno ó seu sobriño Reimundo que como Antón viviu uns anos en Monforte, Reimundo foi membro do Grupo Brais Pinto nos tempos "da Gadaña". Antón explicaba con certa complicidade que Brais Pinto nunca existira: a "lenda do afiadador Brais Pinto", en realidade agachou ó grupo de intelectuais galegos que organizaron un movemento-político-clandestino na capital de España. Antón deixou escrito -os primeiros óleos e teas coas que empezou meu sobriño regaleinas eu-. "O Vello" admiraba ó sobriño como pintor e pola abnegación que tivera cando mozo, á causa da doenza dunha perna. E por suposto, Patiño foi o maior admirador de seu fillo Antón Patiño e a súa nora Menchu Lamas. "O Vello", sentíase moi orgulloso deles - Fuches á exposición



Camoga, s.l.

CONSTRUCCIÓNS, PROMOCIÓNS E REPARACIÓNS

R/ Entrerriós, 20 - 22 - Baixo • 15404 FERROL - Telf.: 981 37 24 56 / 981 37 20 65 • Fax: 981 94 77 64
E-Mail: camoga2000@hotmail.com

ANTÓN PATIÑO

do meu fillo na Expo-Lemos? Preguntoume. Co gallo da Feira do Viño de Sober, escribín un artigo no Progreso no que fixen referencia ó seu fillo Antón.- Xa vexo que fuches á exposición.- díxome.

Cando estiven facendo a "Guía da Ribeira Sacra", Patiño non quixo que o puxera na guía: -Os artistas son os xoves, meu fillo e a muller. -Pesoume facerlle caso ó vello, debín de mencionalo a el tamén que foi un personaxe da RIBEIRA, pero non o fixen por non levarlle a contraria.

-A paixón que Patiño sentiu pola arte foi tan grande que, se dedicou ó estudo de Arcimboldo, pintor milanés do S. XVI do que chegou a pronunciar conferencias en Portugal e na mesma patria do autor das vidrieiras da catedral de Milano. Fascinábanlle as composicións de froitas e animais que semellan cabezas humanas, a conxunción arte-natureza, confirmación da bretoniana frase "do marabilloso é sempre belo". Patiño mantivo, relación con numerosos intelectuais galegos: Otero Pedrayo, Celso Emilio Ferreiro, Eduardo Blanco Amor ó que animou ó retorno e á difusión das obras.

Patiño foi moi polifacético, na vertente de editor, chegou a imprimir libros-homenaxe de Castelao e Cabanillas. Pero sobre todo, Patiño foi LIBREIRO. Xesús Couceiro Rivas, propietario da Librería Couceiro de Santiago e Presidente da Federación de Libreiros de Galiza lembra a vertende de Patiño como

libreiro-activista: - Patiño colaborou coa Federación de Libreiros con bastante actividade e entusiasmo a quen se debe a organización dos Libreiros de Vigo no primeiro momento. Dende o meu punto de vista era unha persoa, Patiño sempre tivo moita actividade, sempre estivo disposto a colaborar cos que estaban a facer algo en beneficio do País, era unha persoa moi crítica, aínda que non acertara sempre.

Antón contou con moitos amigos na Ribeira Sacra, foi bo tertuliano e "amante do amandiño", (.)o amandi tinto cristaliño! (.) (sic). A ligazón de Patiño coa Ribeira vén dada pola vinculación familiar coa aldea de Vila Oscura (Sober), onde o Temple contou cunha bailía, o "amandiño" pode que, en vez de Roma deba a exquisitez á alquimia templaria. Patiño inmortalizou á orde do Temple no poema "O estrondo do templado" (.) que moldeaban monxes templarios (.) (sic). E por suposto, versiculou sobre as festas soberinas. (Vivan pois as festas de Sober (.) Amante de toda a RA, Antón estivo sempre disposto a prestar apoio ós proxectos culturais,

RIBEIRA SACRA, Antón estivo sempre disposto a prestar apoio ós proxectos culturais, non dubidou en participar no libro do Circulo do Saviñao que preside Enrique Sampil, a partir de entón, debido á miña colaboración no libro sobre as cantinas do Saviñao na reivindicación de que, " habería que pagar ás cantinas para que non pecharan". Patiño subiume o listón. Mais en realidade foi na Cidade do Cabe, onde coincidín con Patiño os anos que estiven mergullada no traballo da Ribeira Sacra, máis dunha vez, coincidimos no MARIO, un dos refuxios onde Antón escribía poemas nos panos de mesa, bar no que aínda colgan versos de Patiño. (.) "Un canto á taberna do Mario" (.) (sic). Patiño tamén versou "Ó Capela" (.) Bar Capela, onde teño abrigo, bos viños de Amandi leixiro (.) Tamén compartín con Patiño unha das Feiras do Viño de Pantón, onde á parte de degustar os caldos da zona, Antón exerceu de mestre de cerimonia da Exposición do Grupo Esparrela, formado polos artistas plásticos monfortinos Alfredo e Beatriz que sorprenderon ós visitantes cunha interesantísima mostra pictórica na que non faltaron chiscos de ollo

ós amantes do románico. Antón gozou moito coas obras dos Esparrela, co xogo de canzoros románicos e fiestras prerrománicas que xurdían do profundo das obras, baseadas nas complexas fórmulas da xeometría. Patiño ó descubrir nas obra de Esparrela os segredos da recóndita igrexa de Atán, explicoume que un canzorro da igrexa de aparencia falica, en realidade era un cogumelo, outra das

suas paixóns: As setas. Antón foi o rei dos cogumelos, grazas ó seu indiscutible coñecemento dos cantharellus, boletus, lepiotas etc, avisaba ós amigos da mortandade da amanita phalloides, e, sempre estaba disposto a facer unhas setas á grella. Por algo Patiño foi o fundador das primeiras Asociacións de Cogumelos de Galiza, e axudou á formación de moitísimas asociacións como " A Zarrota de Vigo", "Pan de lobo de Marín", "Pan de Cobra de Noia", Agrupación Micolóxiaca "Viriatos" de Pontedeume. Fundador dos "Cogordos de Ourense", e na provincia lucense axudou na fundación dos "Bolouros de Foz", "Pingadouro de Sober", "Ferroedo do Saviñao" e "Pucho Sapo de Monterroso". Socio de Honor da Xuntanza de Micólogos "Os Lactouros" de Monforte de Lemos, mantivo así mesmo estreita relación co Grupo Bovesano de Micología de Boves, Italia. Figurando como Presidente de Honra da Federación Galega de Micología, o que levou ós micólogos a ofrecerlle unha cea-homenaxe. Na singular tarxeta de visita de Antón, ofrecíase como Conferenciante de NATURA E MICOLOXÍA (especialidade



Hospedería Bar
FERREIRO



- Habitaciones con baño
- Comidas de la zona

Telf.: 982 43 30 65 - 982 43 30 23
Seoane do Caurel (Lugo)

ANTÓN PATIÑO

MICOLOXÍA (especialidade Histórica). E foi en Pantón, diante dun cadro dos Esparrela, onde lle contei "O Vello" a andaina da Asociación Fonte do Milagro do Courel, e alí foi onde lle pedín que enviara algún poema á revista A CANDEA.- Emocioname que a cultura saia do pobo. - dixo. Unha vez máis, entregoume a tarxeta (costume habitual en Antón cando adquiría algún compromiso):- No mes de setembro cando volva de Piamonte mando a Froxán os poemas.-

Se o promete faino- dixeron ó unisono Arturo e Beatriz. O vello sempre cumpría as promesas, mandou os poemas á Candeia. (.)E os lobiños oubear/ as potas do rueiro de Parada (.) a aldea natal de Novoneyra(,) e a voz de Catedral/ do noso Uxío Novoneira(,) a un soio andar(,) (sic). A Candeia nº11.

Extracto do poema de Antón, publicado de novo no nº 15 da Candeia, xunto con outro poema dedicado á lagoa de Luzenza. (.) A luzenza lle canto(,) (.) Cantareille o son./ da zanfoña do Hilario(,). Extracto. Patiño, foi grande coñecedor da Serra do Courel, non hai que esquecer a amizade que Raimundo, o sobriño de Antón, mantivo con Uxío. Nun encontro de Patiño e Uxío Novoneyra no Courel a comezo dos anos 70, Uxío exclamou: "Nunca vin unha letra tan semellante á miña". O pasamento de Uxío levou a Patiño a dedicarlle varios prantos: (.) Che canto Uxío/ con voz quebrada/- atí, meo maestro/ que me ensináches a poetizar! (.) " O oubeo de Lobo" (Monforte 30, X, 2002). Na Pobra do Brollón, ó pé da serra do Courel, Patiño chegou a ter un grande amigo, o Padre Miguel, un misionero mercedario natural de San Adrián. - Un día chamoume Patiño dicindo que facían unha homenaxe en Lugo a Novoneyra e que ía ler unhas poesías e díxome, tamén podes ler ti as túas, ¡eu que só tiña uns poemas de cando era novicio! Outro día dixeran a Patiño que tiña que ir a un enterro ó Courel, ofreceuse para facer un pranto polo defunto e, fíxoo con cerimonia e respecto.

En Monforte fomos a unha exposición de Alaiz na que Patiño fixo queimada con esconxuro. A amizade de Patiño e o P. Miguel debeuse a que o mercedario é o párroco de Torbeo, concello de Ribas de Sil. Eu oíra falar da sabia en moitos lugares da ribeira e mesmo na Pobra de Brollón e no Courel, faláranme moito da Sabia, a Pepa da Taberna do Patín do Castro (Castro Caldelas) e por suposto escoitei historias da sabia nas cantinas de Torbeo. Don Vicente Risco, - segundo Pepa do Patín,- tivo moito interese por Filomena (que así se chamaba a Sabia)- personaxe única e interesantísima que cando lle daba "o mal"- segundo a xente- falaba idiomas. Viña moita xente do Courel á Sabia de Torbeo, algo que estrañaba a Patiño xa que no Courel- segundo Antón- houbo bruxas que quedaron agachadas despois da caza da Inquisición. Antón tiña datos sobre unha bruxa do Courel,- pode que se tratara da bruxa á que fai referencia o pé de páxina da foto que recolle un documento do

Arquivo do Reino de Galiza que reflicte o tomo XXVII da Antropoloxía do Proxecto Galicia de Hércules Edicións, pé de páxina que fai referencia a "unha causa de bruxería contra Inés García no Courel no século XVI". Ou pode que se tratara dunha bruxa que, - ó parecer- houbo en Froxán, é de supoñer que fora" a vella de Froxán" que menciona Ángel Arnaiz no V Convivio Galaico- Portugués de Ribas de Sil. No Courel ata hai pouco houbo responsadoras. O Padre Miguel, misionero mercedario, traballou durante 25 anos nas fabelas de San Salvador de Bahía e cos meninos da rúa. De volta á aldea natal, aínda que continúa a ser mercedario dependente do cvto de Sarria, atende varias igrexas entre as que se atopa Sta Mª de Torbeo. O P. Miguel lembra que certo día,- Apareceu Patiño cun señor,- Patiño non conducía-, axiña me falou da Sabia que resultou ser a avoa do sacristán. Logo fomos Patiño, o sr. Manuel- o patriarca- que vive en San Lourenzo e o David- o neto da Sabia, e mais eu ó Congreso do Padre Fontes en Vilar de Perdices. Estivemos 3 días, de xoves a sábado, aínda que o congreso duraba catro días, participamos representando a "Comuna Filomena Arias", fixemos a intervención, o saluda, e, dixemos unhas palabras. A segunda vez que fomos a Montealegre, o señor Manuel rompeu a cadeira.

Portugal foi outra das paixóns que compartín con Patiño que coñecía o país irmán ó pé da letra, gustáballen as Terras do Barroso e en especial Montealegre,- supoño que polos congresos e polo padre Fontes, tamén era bo coñecedor do Minho que tiña tan perto da cidade olívica, ademais de ser coñecedor doutras terras de Tras-os-Montes, as Beiras etc, tiña moitos amigos portugueses- Patiño veu hai 15 anos ós congresos,- lembra o Padre FONTES-, só falou o último ano porque morreu. Participaba, era moi activo, con esa "aparenza especial", "o traxo exótico", o lazo, sempre falando sobre a Sabia de Torbeo. Aquí coñeceu a Julio Faitão que é poeta, e a Manuel Gens o tipógrafo de Maia, João Gonçalves da Costa "O costinha" que chamaba Patiño, penso que é de Porto- non lembro ben, e o José Augusto Maia Marques, de Maia como o Paulo Sá Machado. A Michela Zucca é unha italiana que participou en Vilar de Perdices, unha antropóloga dos Alpes de moita calidade, invitouna a que fora a Torbeo aquí en Vilar de Perdices. Todos eles deixaron pegadas nas publicacións dos Convivios Galaicos-Portugueses de Torbeo e Ribas de Sil: Os pomas de Julio Faitão, a Manuel Gens se debe "O linho e a tradición popular" e as "Creenzas e crendices"; João Gonçalves da Costa a quen Patiño chamaba cariñosamente "O Costinha", demostrou a súa versalidade en diferentes temas como "Uma abordagem das energias cósmicas" e un interesante apontamento sobre a "Etimologia de Courel", o que é de agradecer, ademais de " A doença e a cura" e o achegamento á impronta de "a saudade na poesía Galaico-portuguesa", é de salientar o interese demostrado polo concello do sur lucense co "Passado, presente e futuro de Ribas de Sil". Así mesmo Gonzalo Maia Marques axudounos a botar unha ollada a través de "Um breve olhar sobre as

Turismo

CASAS

Rural

CARLOS - COMERCIANTE - DOSINDA6 HABITACIONS
SALONAPARTAMENTO 4 PLAZAS
COCINACASA COMPLETA
3 HABITACIONS

Vilamor do Caurel (Lugo)

Información e reserva: Tfno 982 155 618

ANTÓN PATIÑO

boticas dos mosteiros beneditinos" e "o val das pombas", mentres José Augusto Maia Marques recurriu a temas afíns ó convivio con: "Quando os remedios se cultivavam"; " Nota sobre crenças e supersticións na cultura popular da terra da Maia" e, "Deuses, Médicos, Remédios e Plantas. Sobre a medicina no antigo Egipto." O mesmo que, Paulo Sá Machado quen non faltou a ningún convivio na compañía da súa dona e, aportou interesantes datos con:" O porco um animal "Sagrado" e " Episódios de vidência"; "O sapo, Virtudes e maleficios" o que engadiu o proceso de "A vendimia em Sandim, Vilanova de Gaia". Pola súa banda a José Alves Ribeiro débese o apuntamento "Plantas, bravias comestíveis e Plantas condimentares". José Joaquim Garrucho Martins axudounos a comprender a "Sociedade campesina: A relação dos vivos com os mortos". -Todo aconteceu aquí- en Vilar de Perdices- lembra o PADRE FONTES, Patiño convencido, atraído, aducido, convertido, ideou o Convivio de Torbeo. Ficou feliz de encontrar Vilar de Perdices Publiquei poesías de Patiño dedicadas ó Barroso, Vilar de Perdices e o Larouco, no "Noticia do Barroso" e aínda teño sen publicar.. - Nun dos primeiros encontros, na parte recreativa do final do Congreso, xunto ó río Asoreira (mixto galego-portugués), fixemos o convivio con gaiteiros e os participantes do congreso unhas douscentas ou douscentas cincuenta persoas, el (Patiño), fixo a queimada espectacular, cos conxuros, teatro, poesía., era moi emotivo- recorda Luís Ribeiro, xornalista do Diário Correio da Manhã" en Tras-os-Montes, Vila Real.- Recordo con saudade a afabilidade e vontade de trazar información, meus libros sobre o satanismo e o ocultismo- el quería saber como é que eu tiña entrado nese mundo exótico de bruxas e sabias ó que Patiño dedicou os últimos anos da súa vida. Aqueles Congresos de Menciñeiros de Vilar de Perdices fixeron que, -Cando chegou Patiño en Torbeo- lembra o Padre Miguel- suxeríume que, coincidindo coa festa de Torbeo, o 15 de agosto, poderíase facer un "Convivio galaico-portugués", e así foi como comezaron os célebres convivios, Patiño fixo paella para todos, os anos seguintes os convivios fixéronse en San Clodio, Publicáronse catro libros cos relatorios dos convidados portugueses, italianos, galegos e os do propio Patiño, que como el mesmo se define na ponencia "O curanderismo é o mundo dos chamás", do II Convivio é librepensador de formación republicana (..) "ei se quere baseada nas raíces masónicas"(.) (sic) Os convivios levaron a Patiño a realizar numerosas veces o camiño que leva de RAIROS a TORBEO. -Patiño paraba e comía aquí- lembra Luís de Rairos- chamábame PITIRRI, a quen Patiño immortalizou nun poema "Un canto ó mesón Luis de Rairos" (.) (ó Lois gran Patrón de ancha faz e ollar riso (..) Ai Lois, vello amigo que de Rairos fixeche Catedral(.) O mesmo Luís de Rairos que lembra o día que- Patiño chegou preguntando pola Sabia que morrera ó pé da estrada cando estaba eu

coas vacas, chegou nun coche negro, sacáronna morta e tiráronna no campio, collín tanto medo que escapei para a casa- eu era pequeno daquela- agora ando nos 77 anos. Trouxéronna- (A Sabia)- á casa do Vicente, e fixéronlle a autopsia e aquí está enterrada no cemiterio de Rairos, na terra, sen lápida, no corredor do centro do cemiterio. Ter tiña poderes, dicían que atinaba sempre.

No camiño de Torbeo, está San Lourenzo, onde vive o patriarca de Torbeo, o señor Manuel, grande amigo de Patiño. -Coñecín a Patiño porque estivera co seu irmán na guerra en Asturias, no Ebro, en Castellón etc. Veu visitarme porque o irmán lle falou de min e xa traía o da Sabia na cabeza. Cando fixo as xuntanzas avisoume para que fora. Fumos xuntos a Vilar de Perdices, o David, o Padre Miguel e máis eu e un rapaz que era abogado amigo do P. Miguel que viñera do Brasil. Marchamos de Torbeo a Montealegre no coche do P. Miguel e alí participamos no Congreso. Logo viñeron aquí os portugueses. Aquí viña Patiño coas empanadas, preparaba o pulpo ó Beluso, e mexillóns. Unha vez veu co marido da farmacéutica dos Chaos de Monforte. A última vez que fomos a Montealegre, rompín a cadeira, Patiño veu tódolos días a verme ó hospital onde escribía nas servilletas de papel. Escribume cartas e regaloume bastóns. Fomos grandes amigos, tamén o fun do irmán, que morreu despois da guerra. A Sabia a min levábame uns 20 anos eu teño máis de 90, boten a conta, morreu no ano 38 de San Lourenzo, Patiño seguía ata Torbeo, onde a Sra. Ubalda se negou a falarlle da Sabia, porque xa falara dela co sacristán.- Isto que lle conto, non o contei a Patiño, porque xa falara co David, cando lle deron os espíritos.- A Sabia logo-, estaba nunha cuadra nun fiadeiro, entón saíu beber á fonte e cando saíu da fonte, saíu ladrando coma un can. Ladrrou- mentres lle duraron os espíritos. Despois, botouse ó monte, non se metía nas casas. No tempo do cura vello (O Baleiras)- eu era coma un zarrote pequeño- e quitarónlle (a Sabia logo), tres espíritos- alí no campo, fóra, -pasaron 5 ou 6 horas, non a daban xuxetado entre tres homes, e logo que saíron os tres espíritos pola boca, os outros tres querían saír polos ollos, pero ela díxolles:- non os quitedes polos ollos que quedo cega, e non os quitedes pola boca que quedo sin fala, e., só lle quitáron tres, os outros tres quedáronlle dentro. Logo a Sabia foi para a casa coa familia, antes, andaba polo monte coma un can comendo a cañoza.- Despois veu o David e de Pascoi que lle daba a gota e quedou no Barrio a vivir coa Sabia no Barrio e no Campos. Despois na guerra, a Sabia vivía nunha casa pegada á miña (hoxe non hai casa, tiráronna). A Sabia tivo un fillo do cuñado, "O Terratrás" que era o pai do Domingo (que era o pai do sacristán, que xa morreu), cando se xuntou co Davide, a Sabia xa tiña o pequeno. O Davide foi o que promocionou á Sabia, -non tiña nunca menos de 6 o 7 persoas na consulta-. Se miraba acertaba. Cando lle preguntaban

ACAMPAMENTO O CAUREL

CAMPING - BUNGALOWS



ESPERANTE -SEOANE

RESERVAS:

Viajes QUIMATURS - LUGO

Teléfono (982) 24 61 11

Tfno.: Camping: (982) 43 31 01



ANTÓN PATIÑO

por un animal ou unha persoa que se perdera, sempre atinaba, a persoa ou animal aparecía. Se decía- non a busquedes, tamén atinaba, a persoa ou animal nunca aparecía. A Sabia falaba en galego pero cando lle daba o mal falaba en castelán perfectamente aínda que era analfabeta, ela non tiña estudos. Se as persoas viñan falando dela polo camiño, ela sabíao. E dicíalles: marchade, sabía as que falaran dela e quen era boa ou mala persoa. O mal dáballes ás doce da mañá e outros días á unha, logo perdía o sentido. Entón suxeitabana -eu suxeteina moitas veces- tantos santiños me acompañen á hora da morte -Ela, A Sabia logo, NUNCA ENTRABA NA IGREXA, cando vía un CURA escapaba, poñíase nerviosa., eu que sei- Depois tive consulta en Rubián- onde parou moito- Cando a guerra botáronlle o querido, mandáronno marchar os falanxistas. O fillo marchou á guerra- marcharon todos e quedou soíña sen quen a atendera-, cando lle daba o mal no patio quedaba como un saco de castañas. Eu tirábaa na cama e, ela xa non sabía o que facía. Facía.: .uh,uh,uh., falaba en castelán, en galego nada. Despois, cando non tiña o mal volvíala falar en galego, facía vida normal e nunca falaba dáquelo. Torbeo ten dúas cantinas, a que está fronte os colexios onde se celebraron os convívios e a que está ó fondo do pobo, máis abaixo da casa das Cubanas, a cantina da Sra. Obdulia e o Sr. José, á que chaman Cantina das Moreiras, onde hai anos cheguei preguntando pola Sabia, onde Patiño estivo moitas veces.- Temos moi bo recordo de Patiño, viña á cantina e traía empanadas, era moi educado e tiña moito interese por Torbeo. Cando fixeron a xuntanza na escola veu xente de fóra, moita xente. Dende á cantina Patiño soía achegarse á casa da Sra.. Vicente e o Sr José que andan polos oitenta e tanto anos.-Patiño chegou como vostede preguntando, fixémonos amigos, comeu na casa e chamábanos por teléfono. Eu conteille o que sabía da Filomena que, -cando lle daba o mal ladraba como os cans, e cando lle pasaba non sabía o que fixera. Diariamente- dáballes o mal - polo día ou pola noite-, cando ladraba, contestaba a tódalas preguntas. Cando estaba ben era pouco faladora, nós vivíamos xunto onde ela naceu, no Campo. Nós tiñamos unha casa ó lado dela e encontrámola moitas veces ladrando coma os cans- daba medo- pero facer NUNCA FIXO MAL- logo marchaba coa cabeza baixa -sen falar, non era como todos, baixaba a vista, era solitaria, pero que acertaba era certo. Viñan de Madrid e Barcelona para que os curara. ERA SABIA. Eu tiña un parente en S. Pedro que non o curaban os médicos, e ela curouno de tuberculosos que daquela non tiña cura. Pero ela curouno. Moitas son as persoas que recordan a Filomena, A SABIA DE TORBEO, e moitas as persoas que recordan a Patiño quen, a parte da paixón polo curandeirismo, foi grande TROBADOR e mantivo amizade con numerosos poetas entre os que se atopa PEPE POL. Segundo conta o P. Miguel, Patiño e máis el, foron á Casa Bonifacio ó día seguinte da xuntanza dos poetas., pero equivocáronse de día. Aínda así, Pepe Pol lembra a Antón con moito cariño:- Patiño foi a primeira persoa que me chamou "o poeta de Montefurado",- lembra Pepe Pol- logo foron Dora e Pura

Vázquez e Xulio L. Valcarcel. Pero Patiño foi o primeiro que me dixo: -estás facendo unha labourea moi grande e és un trobador, un defensor da cultura popular. Considero que, Patiño foi un bastón importante destas terras do sur lucense, un bastón da poesía, da troba en xeral, tiña dentro unha colleita profunda, como era artista quixo facer primeiro o cadro e logo poñer ese cadro nas verbas da poesía: O poeta-pintor sería o título dese cadro. Patiño cando recitaba facíao de pé, porque a poesía é tan importante que nin podía estar sentado, había que poñerse de pé pola importancia. Podería haber unha ORDEN DE TROBADORES ANTÓN PATIÑO. Ó poeta-pintor Antón Patiño gustáballe rescatar todas esas lendas e historias das raíces que non chegamos a elas pero, están aí, no ceo da bruma misteriosa. Colaborador e activista-cultural, Patiño nunca dubidou en implicarse en calquera movemento en prol da cultura popular nos lugares máis recuados, o que o levou a colaborar na revista do Courel, A CANDEA. Patiño ó final de seus días escribiu "A MEMORIA DE FERRO", coñecedor dos acontecementos da Guerra Civil nas Terras de Lemos, Courel, O Bierzo, A Coruña, etc, Patiño falaba con moita dor dos tráxicos episodios do 36, dos paseos, das mortes. Falaba dos exiliados, dos fuxidos, do Piloto que morrera na Ribeira, Souben pola prensa que Antón Patiño publicara un libro sobre a represión militar do 36: "Memoria de ferro" (A Nosa Terra), - os achaques físicos nos últimos tempos fixeron imposible que poidera acudir á presentación, pero en canto puideron merquei o libro do "Vello", un libríño de pequeno formato, escalofriante testemuño dos feitos da represión militar no 36 na Coruña e Monforte etc. Agora comprendo o interese de Patiño polos debuxos de Benito Prieto Coussent nos tempos da guerra civil na cadea de Tui. O día 6 de xullo do 2005, faleceu Antón Patiño Regueira en Vigo. O día 8 de xullo o PADRE MIGUEL misou polo amigo na parroquia da Régoa, o fillo máis novo leu o pranto, o "vello da gravata de lazo" recibiu sepultura cuberto coas bandeiras republicana e galega. De novo, non puideron acompañar ó Vello na derradeira viaxe, en canto a saúde me deu un respiro, fixen unha viaxe a Torbeo na memoria do meu amigo: Antón Patiño.

Mercedes Vázquez Saavedra.
Courel- 2005.

Torbeo. A carón da cantina de Torbeo-2006.
A viaxe do Tempo(Monforte dos ensoños)
o poemario póstumo de Antón Patiño Regueira.
Paga a pena.
asa nos concellos das Portelas zamorás.
Porto Hermise



CASA RURAL BONIFACIO

6 Habitacións con baño - Cociña tradicional
Fermosas paisaxes da Montaña do Lor
Vilar de Lor, Quiroga - Lugo Tlf. 982185 449
www.loralto.com

Mel Cauru

Dende o momento en que uns cantos apicultores da Serra do Caurel nos constituímos e n CAURU, SOCIEDAD COOPERATIVA GALEGA, unha das nosas primeiras preocupacións foi a de presentar o produto base das abellas, o mel, como un produto excepcional da nosa Serra, así como o resto dos subproductos das abellas: *polen, própolis, cera, jalea real e veneno*, nas mellores condicións hixiénico sanitarias para o consumidor.

Así, dende un principio, pertencemos á denominación de orixe MEL DE GALICIA. De dicho organismo recibimos a inspección e análises de tódolos produtos dos nosos socios.

Ó obxecto de obter uns produtos diferenciados, saudables e singulares, solicitamos a inclusión das nosas producións no Consello Regulador de Producción Ecolóxica (C R A E G A). Despois de medicar as nosas abellas con produtos naturais perante os tres últimos anos, conseguimos sacar ó mercado o noso mel coa categoría de ecolóxico.

Os únicos produtos cos que podemos tratar as nosas abellas contra as súas enfermidades son: *timol* (un extracto derivado do tomillo), *ácido oxálico* y *ácido fórmico*. Hai que significar que a maioría dos apicultores *tratan as súas abellas con distintos antibióticos: apistán, apiciclina, terramicina, etc.* Estes medicamentos se non son *administrados adecuadamente por un*

veterinario experto en apicultura ou outro facultativo autorizado, poden afectar negativamente ó consumidor ata o punto de poder inmunizalo contras os antibióticos.

É de coñecemento xeral que os productos ecolóxicos son cada vez máis demandado polos cidadáns debido á garantía que supón o seu consumo. Todos os nosos apicultores reciben a un supervisor de CRAEGA en cada un dos apiarios. Se algunha anomalía se detectase o noso mel non podería ser comercializada como ecolóxico. Do mesmo xeito, o noso mel é analizado unha vez que é depositado nos almacéns da cooperativa na nave do Polígono Industrial de Quiroga (Lugo). Así mesmo na alimentación das abellas unicamente é admitido o mel ecolóxico dos nosos apiarios.

Observamos con satisfacción polo que significa a promoción dun extraordinario produto da nosa Serra do Caurel, ó seren distribuído o noso mel por toda a comunidade galega que, de momento, somos os únicos produtores que ofertamos mel ecolóxico. Temos coñecemento de que hai outros dous produtores ecolóxicos, pero non teñen promocionados os seus produtos.

Todo esto supón un orgullo para todos os que vivimos e amamos a SERRA DO CAUREL.

Antonio Neira Rodríguez
Secretario de CAURU, SDA.COOP.GALEGA
Autor do libro-Guía
CAMINANDO POR LA SIERRA DEL CAUREL

SOLICITUDE ALTA SOCIO

Si te identificas co Caurel, si desexas ser membro da Asociación "FONTE do MILAGRO" e si participar nas actividades que o colectivo organiza, recibir a revista A CANDEA no teu enderezo. Cobre os teus datos no seguinte recadro e envíaio Ó seguinte enderezo:

Asociación Cultural "FONTE do MILAGRO" Froxán, s/n 27325 O CAUREL Lugo

Apelidos: Nome: D.N.I.:

Enderezo: C.P.:

Localidade: Provincia: Teléfono:

A cota anual é de 18 € e a modalidade de pago:

☐ Domiciliación bancaria
(marca a opción desexada)

☐ Pago en efectivo

☐ Transferencia bancaria

- Para transferencia bancaria podes facer o teu ingreso na conta N° 3070/0006/52/1137510929 aberta a nome da Asociación na oficina de Caixa Rural de Folgoso do Caurel. (Lugo)
- Para domiciliar os pagos cobre os teus datos bancarios.

DOMICILIACIÓN DE PAGOS

N° de CONTA (20 dixitos) / / Titular:

Banco ou Caixa: Enderezo:

Sr Director do Banco ou Caixa: Teña a ben cargar na miña conta e ata nova orde, tódolos recibos que sexan presentados pola Asociación "FONTE do MILAGRO"
Sr. Director del Banco o Caja: Tenga a bien cargar en mi cuenta y hasta nuevo aviso todos los recibos que sean presentados por la Asociación "FONTE do MILAGRO"

O titular da conta,

En, a de de Asdo:

Recuncho para Poesía

Para o meu Caurel

Sempre foi para min O
Caurel
Fonte de inspiración e
grandeza,
Canto nace e vive nel
Nunca perderá pureza...
Terras nobres do Caurel
Nas que eu me criei,
Cheas de froles e mel
Onde tantas veces soñei...

Sodes as máis fermosas,
Nada vos pode igoalar,
Cada día máis cariñosas,
Quén vós podría olvidar?...
Cada recuncho é unha
xoía...
En cada xoía hai un corazón
Cada corazón é un camiño
Que o andalo sinto
emoción...!

Eres recanto de natureza
pura,
Onde quedan paxariños
Que voando levan no pico
A comida para os seus
fillos...!
Sempre fuches Caurel
querido,
A cuna das augas santas,
Cando delas bebo, revivo,

Hai en min novas
esperanzas...!
Vaia para o noso Froxán
O agarimo máis tenro,
Desexo que "A Candea"
sexa,
Zuna de tan valioso
acerbo...!

Xesús Galán
Xaneiro 2006

Unha Ollada

Eu vin lume nos teus ollos
cando furtivamente
cruzamos as miradas,
lóstregos, un intre
a esporear o sangue.
Eramos dous estraños,
pasaxeiros do tempo,
e sei que houbo un momento
no que se coñeceron
os nosos pensamentos.

Nada

Nada!
Velaí esa palabra va
que pode encher
as almas de inquedanza
e tamén comer
os sonhos e a esperanza.

¡Nada!...
Durmía no regazo do aire
e tiña a lúa de almofada.

¡Nada!...
Ela buscaba o todo
e non atopou nada.
...
...
Ela só soñaba
e cando espertou
caíalle dos ollos
a lúa prateada.

Vicente Touzón



graf-nco
CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO **imprenta**

offset color
diseño gráfico
impresos en xeral

Rúa da luz nº 4. Polígono de Fingoi
27002 LUGO
Tel.: 982 284 421
Fax: 982 284 758
e-mail: grafnco@cogami.es

Aberto dende Semana Santa
ata Outubro

Unha área recreativa
en plena natureza
do Caurel

Carnes á brasa e
productos da zona

www.sierradelcaurel.com
oponton@sierradelcaurel.com

LU-651 (KM 28) Entre Folgoso e Seoane

Café-Bar O'PONTON

Ferreirós dabaixo
O Caurel
Tel: 982 16 52 18



CAIXA RURAL GALEGA

Si desexas formar parte deste COLECTIVO, participar nas ACTIVIDADES
que organiza, recibir a REVISTA no teu enderezo, etc.:
Asociación "FONTE do MILAGRO" Froxán, s/n 27325 O CAUREL - Lugo
A Candeia tamen en: www.galiciadigital.com